

Centro: IES PLURILINGÜE DE AMES

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO: LATÍN

CURSO: 2021/2022

XEFE DE DEPARTAMENTO:

XOSÉ ANTONIO LÓPEZ SILVA

1-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	PAX. 4
2-PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL, INCIDINDO NOS SEGUINTE ASPECTOS:	PAX. 10
- METODOLOXÍA DE TRABALLO QUE SE SEGUIRÁ NO CASO DE ENSINO A DISTANCIA.	
- MODO DE PROVEER O DEREITO Á EDUCACIÓN AO ALUMNADO QUE NON POIDA SEGUIR A ENSINANZA TELEMÁTICA.	
- MECANISMOS QUE O PROFESORADO ADOPTARÁ PARA ASEGURAR O SEGUIMENTO CONTINUO DO CURSO POLO ALUMNADO.	
3- OBXECTIVOS XERAIS E CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	PAX. 11
4. LIÑAS XERAIS DE REFORZO INICIAL DAS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NO CURSO ANTERIOR PARA 2º BAC. MEDIDAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS.	PAX. 17
-PROGRAMACIÓN LATÍN 4ºESO	PAX. 18
6. Relación de estándares de aprendizaxe avaliados da área que formarán parte dos perfís competenciais.	
7. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliada de:	
- Obxectivos e contidos desenvolvidos.	
- Temporalización.	
- Grao mínimo de consecución para superar a materia.	
- Procedementos e instrumentos de avaliación .	
8. Concrecións metodolóxicas da materia .	
9. Materiais e recursos didácticos.	
10. Criterios de cualificación e promoción do alumnado.	
11. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes.	
-PROGRAMACIÓN LATÍN 1º BAC	PAX. 44
6. Relación de estándares de aprendizaxe avaliados da área que formarán parte dos perfís competenciais.	
7. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliada de:	
- Obxectivos e contidos desenvolvidos.	
- Temporalización.	
- Grao mínimo de consecución para superar a materia.	
- Procedementos e instrumentos de avaliación .	
8. Concrecións metodolóxicas da materia .	
9. Materiais e recursos didácticos.	
10. Criterios de cualificación e promoción do alumnado.	

11. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentas	
12. Organización de procedementos, de ser o caso, para acreditar coñecementos previos (Bach).	
-PROGRAMACIÓN LATÍN 2º BAC	PAX. 73
6. Relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis da área que formarán parte dos perfís competenciais.	
7. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de:	
- Obxectivos e contidos desenvolvidos.	
- Temporalización.	
- Grao mínimo de consecución para superar a materia.	
- Procedementos e instrumentos de avaliación .	
8. Concrecións metodolóxicas da materia .	
9. Materiais e recursos didácticos.	
10. Criterios de cualificación e promoción do alumnado.	
11. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentas	
12. Deseño de avaliación inicial (considerando as conclusións principais dos informes individualizados elaborados á finalización do curso 2019/2020) e medidas a adoptar en función dos resultados.	
13. ORGANIZACIÓN DE PROCEDEMENTOS, DE SER O CASO, PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS PREVIOS (BACH)	PAX. 96
14. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.	PAX. 96
15. DESEÑO DE AVALIACIÓN INICIAL (CONSIDERANDO AS CONCLUSIÓN PRINCIPAIS DOS INFORMES INDIVIDUALIZADOS ELABORADOS Á FINALIZACION DO CURSO 2019/2020) E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.	PAX. 96
16. – CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS	PAX. 98
17.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	PAX. 99
18-MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA	PAX. 99
12- PLAN LECTOR	PAX. 101

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

No curso 2021-22, o Departamento de Latín está composto por un docente (Xosé Antonio López Silva), xefe de departamento, con destino definitivo no IES Plurilingüe de Ames.

O departamento elaborou esta programación segundo a normativa vixente, con especial énfase no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, e polas instrucións contidas na Resolución do 11 de maio de 2018 (DOG nº 96, de 22 de maio de 2018). A perspectiva docente vén dada polas indicacións e recomendacións que ofrece o marco común europeo de referencia para as linguas (Decreto 81/2018, do 19 de xullo, que abreviamos coas siglas MCERL). Do mesmo xeito, tívose en conta de xeito relevante o Real Decreto-ley 31/2020, de 29 de setembro, por el que se adoptan medidas urgentes en el ámbito de la educación no universitaria, publicado no BOE de 30 de setembro de 2020 e asemade, a Lei Orgánica 3/2020 de 29 de decembro, pola que se modifica a LO 2/2006 de 3 de maio.

Revisáronse os contidos mínimos e os criterios de cualificación na ESO e no Bacharelato en función dos resultados acadados no curso pasado e diferenciando os criterios de xuño dos de setembro, tendo en conta, asemade, a obrigatoriedade marcada polo actual estado de pandemia para previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial, incidindo nos seguintes aspectos:

- metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia.
- modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza Telemática.
- mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.

Do mesmo xeito, procedeuse á concreción das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior e ao trazado das liñas xerais do plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso pasado.

Acordáronse os criterios de recuperación da materia pendente e a organización de procedementos, de ser o caso, para a acreditación de coñecementos previos en Bacharelato, así coma o deseño da avaliación inicial considerando ás conclusións principais dos informes individualizados elaborados á finalización do curso 2020/2021 xunto coas medidas a adoptar en función dos resultados, as concrecións dos elementos transversais en cada curso, a contribución ao proxecto lector, respectando as liñas propostas polo grupo de traballo da biblioteca e polo centro e aos grupos de traballo aos que o xefe de departamento está adscrito.

No que se refire ás liñas metodolóxicas, seguindo a normativa vixente, o enfoque será comunicativo, estimulando ao alumnado para progresar na aprendizaxe da lingua latina e no coñecemento integral da Cultura Clásica.

Procurarase como liñas mestras do Departamento de Latín do IES Plurilingüe de Bertamiráns no ámbito metodolóxico de ensino-aprendizaxe:

Facer máis fluídas as relacións na clase mediante a participación do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe.

Potenciar a aprendizaxe autónoma en particular prevendo a posibilidade de contextos telemáticos de ensino-aprendizaxe tanto na modalidade presencial, semipresencial coma non presencial

Estimular ao alumnado coa proposta de actividades participativas.

Realizar un tratamento equilibrado das catro destrezas para practicar tanto a comprensión como a expresión oral (na medida do recoñecemento que esta ten no ámbito curricular establecido para a materia de Latín, en particular en 4º da ESO) e escrita e dos dominios nos contidos, procedementos.

Interesar ao alumnado con temas suxestivos.

Datos do departamento

- Cursos e grupos de Latín

4º da ESO : 1 grupo, cun total de 3 horas de docencia

1º de Bacharelato: 2 grupos, que supoñen 8 horas de docencia

2º de Bacharelato: 2 grupos, que significa 8 horas de docencia

Distribución das horas de docencia do Departamento de Latín

Xosé A. López Silva	Docencia
3	4º ESO
8	1º BAC
8	2º BAC

As materias impartidas polo Departamento de Latín, Latín en ESO e Bacharelato, teñen como obxectivo primordial achegar o alumnado ao estudo da lingua latina e da civilización latina nos ámbitos literario, artístico, filosófico, científico, sociopolítico e lingüístico, de xeito que poida tomar conciencia da influencia, o mantemento e a presenza destes aspectos na cultura occidental, e comprender a súa identidade cultural, así como as manifestacións que a definen.

Tal e como recolle o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo de educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, a educación plurilingüe e intercultural considera a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de maneira específica, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. Ademais, mediante o diálogo intercultural póñense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto dos dereitos fundamentais.

Un estudo integrado de todas as linguas posibilita que os contidos, os procesos e as estratexias que se traballan nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais. Así, o coñecemento morfolóxico ou

léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua, informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais. No noso caso, debemos ter en conta que a optatividade presente coas linguas clásicas, e o feito de grupos co alumnado que ten esta opción escollida, fará que estes poidan ter acceso a unha base de coñecementos, de contidos, procedementos, competencias e valores que serán moi útiles para proporcionarlles non só os coñecementos científicos específicos, senón bases sólidas para o perfeccionamento en outras linguas e en áreas instrumentais de linguas e humanidades.

Latín e o grego desempeñan, pois, un papel relevante como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda, sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Polo tanto, é esencial ter en conta esta presenza das linguas clásicas no currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

Todas as linguas teñen, obviamente, como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Así, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida. A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos no galego, no castelán e nas linguas clásicas, a través da lectura, mediante a comprensión e interpretación de textos significativos, favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das estudantes, dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas, ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos/as a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento deles/as mesmos/as.

En definitiva, as materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns e cidadás cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida.

O estudo do latín como lingua flexiva proporciona mediante a comparación unha sólida base científica para o estudo e o perfeccionamento progresivo no manexo doutras linguas. O idioma latino, logo de adquiridos uns mínimos coñecementos sobre os seus mecanismos morfosintácticos e o seu léxico, permite entender as linguas romances como resultado dunha evolución e atopar paralelismos entre elas que axuden no seu estudo.

O estudo da orixe e a evolución do latín ás linguas romances proporcionalle ao alumnado os instrumentos necesarios para comprender e analizar os procesos de cambios fonéticos, morfosintácticos e semánticos que deron lugar aos procedementos que rexen hoxe as súas linguas, e axuda a incrementar de xeito notable o seu léxico. A reflexión sobre o léxico coñecido, a adquisición de novas palabras e a comprensión das estruturas da lingua latina interveñen de xeito notable no uso máis eficaz da lingua propia como instrumento de aprendizaxe, comunicación e interpretación da realidade.

O estudo da herdanza clásica, obxecto das materias de Latín, abordará tamén os diferentes aspectos que se inclúen no que coñecemos como civilizacións grega e latina, berce da Europa actual. Ademais da descrición do seu marco xeográfico e do estudo dos principais fitos históricos, haberá lugar tamén para unha análise das súas estruturas sociopolíticas, da súa vida cotiá, e manifestacións culturais como os espectáculos públicos ou as súas creacións literarias e artísticas, a enxeñaría e o urbanismo, a mitoloxía e a relixión.

Partindo desta perspectiva, o estudo das nosas materias organízase en bloques. Os devanditos bloques refírense tanto a cuestións lingüísticas como a temas culturais, tendo en conta que ambos os dous aspectos constitúen dúas facetas inseparables e complementarias para o estudo da civilización romana, na materia de Latín, sen as que non é posible apreciar a importancia do legado clásico na súa verdadeira dimensión.

Para a materia de Latín, de impartición por este Departamento tanto en ESO coma en Bacharelato, convén ter en conta, insistimos, o sinalado polo Portfolio Europeo das Linguas: as linguas son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A lingua apréndese para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de maneira específica, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Xa que logo, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias de coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou

identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, daquela, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural pónense en xogo dispositivos de relación social esenciais.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, os procesos e as estratexias que se traballan nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comunicarse adecuadamente. Así, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua, informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

Por outra banda, o tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Xa que logo, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuizos que é necesario desmontar e superar. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz das dúas linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe e plural na que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice e que os faga conscientes da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e o éxito escolar. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas. Isto é fundamental, máxime nun centro como o IES de Ames, que se caracteriza precisamente pola súa aposta académica e pedagóxica polo ensino plurilingüe e polo plurilingüismo como ferramenta básica de desenvolvemento da actividade docente e discente.. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específicos, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade ou similitude que presentan en ambas as áreas, precisan ben seren abordados de maneira parella, ben seren presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas, e utilizar a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado. Igualmente presentes nas aulas están as linguas clásicas, o latín e o grego, cuxo estudo a

nivel fonético, morfosintáctico e léxico proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Desempeñan, pois, un papel relevante como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda; sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Xa que logo, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

As materias cuxos currículos se desenvolven ao abeiro desta introdución, as referidas a Latín, teñen como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria, malia que con todas as peculiaridades que ten a existencia, coñecemento e ensino-aprendizaxe dunha lingua non activa a nivel oral coma o latín clásico.

A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos a través da lectura, mediante a comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das estudantes, dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas, ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfrónaos/as a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento deles/as mesmos/as.

En definitiva, a materia de Latín persegue, ao igual que o resto das materias lingüísticas o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns e cidadás cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos nos que o latín poida ser tanto de utilidade coma de aplicación. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións, propias, claras e fundamentadas, e de gozar, a través da lectura crítica de obras literarias pero en particular, da importancia do coñecemento da lingua latina como fornecedora de comprensión máis axeitada dos usos orais e escritos das diferentes linguas de uso e aprendizaxe do alumnado.

2. PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL, INCIDINDO NOS SEGUINTE ASPECTOS:

- **METODOLOXÍA DE TRABALLO QUE SE SEGUIRÁ NO CASO DE ENSINO A DISTANCIA.**
- **MODO DE PROVEER O DEREITO Á EDUCACIÓN AO ALUMNADO QUE NON POIDA SEGUIR A ENSINANZA TELEMÁTICA.**
- **MECANISMOS QUE O PROFESORADO ADOPTARÁ PARA ASEGURAR O SEGUIMENTO CONTINUO DO CURSO POLO ALUMNADO.**

A actividade lectiva presencial considérase o escenario base e principio xeral modulador desta Programación Didáctica. Malia todo, e seguindo a normativa vixente, esta programación adecúase aos tres escenarios posibles dentro da evolución da pandemia da Covid-19, presencial, semipresencial e non presencial, a pesar de que en principio, os escenarios semipresencial e non presencial semellan remotos, dada a evolución da pandemia e o proceso de vacinación en curso do alumnado, deixaremos constancia dos mesmos nesta programación, por se fose preciso acudir a eles en caso de rebrote grave, existencia dunha variante que afectase sensiblemente a peor o escenario educativo, ou en caso de que se dea outro episodio epidémico de COVID-19 ou outro.

O desenvolvemento da programación será o mesmo en calquera destes tres escenarios en todos os seus aspectos. No ámbito semipresencial, o desenvolvemento da programación dependerá das instrucións derivadas da Consellería de Educación, Servizo de Inspección Educativa e Equipo directivo respecto ás súas características e establecemento das clases telemáticas e os seus horarios. Na medida do posible, procuraráse o mantemento da estrutura habitual das clases a través do uso obrigatoria da plataforma oficial da Consellería Cisco Webex, e asemade, da aula virtual, e se realizará a mesma estrutura de temporalización dos contidos que na modalidade presencial.

No caso da modalidade non presencial, a estrutura de temporalización dos contidos e avaliación dos mesmos se realizará exclusivamente pola plataforma webex mantendo o mesmo número de sesións lectivas e as mesmas características de programación docente do ensino-aprendizaxe. No caso das modalidades semipresencial e presencial, o alumnado deberá de conectarse obrigatoriamente á plataforma webex para a súa asistencia telemática nos horarios habituais de clase e co control habitual de absentismo marcado pola lexislación vixente e os documentos do centro.

En conexión cos tutores e co equipo directivo e Departamento de Orientación, ofrecerase desde inicio de curso información detallada do alumnado con dificultades relevantes para a súa conexión a internet e para detectar e resolver o antes posible posibles casos de brecha dixital. Será obrigatoria, insistimos, a asistencia ás clases telemáticas do mesmo xeito que o é a asistencia ás clases presenciais. No caso de que o alumnado presente dificultades de acceso telemático, a incidencia será comunicada aos tutores correspondente e ao xefe de estudos para que se proceda á súa subsanación no menor prazo de tempo posible e se facilitará a posibilidade de conciliación de horarios facilitando coa grabación das clases, a posibilidade de visionado en horas diferentes ás propiamente lectivas, para os alumnos de especial dificultade de acceso ás TIC.

A metodoloxía de traballo no ensino a distancia será a mesma que co ensino presencial, pero usando a plataforma webex para as clases telemáticas. Ao igual que nas clases presenciais, o uso da aula virtual da materia para optimizar o proceso de ensino-aprendizaxe será obrigatorio.

Aquel alumnado que non podida seguir a ensinanza telemática será atendido segundo as indicacións emanadas dos organismos educativos e sanitarios correspondentes, seguindo ás instrucións e lexislación vixente e os criterios marcados polo equipo directivo, e asemade, polos servizos de intervención social e comunitaria do Concello, dos organismos provinciais, autonómicos e estatais implicados. Toda a intervención do ensino-aprendizaxe e os materiais estarán a disposición non só telemática, senón cando sexa posible, noutros materiais

para facilitar a súa entrega ao alumnado con dificultades de acceso telemático e/ou dixital e á disposición do equipo directivo para a intervención en apoio educativo estimada no Plan Covid de aplicación no centro.

Os mecanismos de seguimento continuo para o alumnado serán, aparte da propia plataforma Xade en calquera modalidade, o control da asistencia deste na plataforma webex e na aula virtual para as modalidades semipresencial e non presencial, ao igual que nos escenarios lectivos presenciais, e o control e información a través das familias do seguimento e aproveitamento das actividades lectivas e de ensino-aprendizaxe a través da titoría e de ser o caso, da xefatura de estudos e mesmo dos servicios de intervención social e comunitaria.

3. OBXECTIVOS XERAIS E CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

3.1 OBXECTIVOS XERAIS

ESO	OBX.	BACHARELATO
Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.	a	Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomenta a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.	b	Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, así como os estereotipos que supoñan discriminación e violencia entre homes e mulleres.	c	Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.	d	Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.	e	Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.	f	Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.	g	Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.	h	Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.	i	Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.	k	Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.	l	Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.	m	Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético,

		como fontes de formación e enriquecemento cultural.
Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.	n	Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.	o	Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
	p	Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
	q	Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado

3.2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

No que se refire á contribución das nosas materias ás competencias clave contempladas no currículo, o Departamento de Latín fixarase en todas, pero en particular, e con ordenación de importancia, nas reseñadas a continuación:

A comunicación lingüística é a competencia clave que máis presenza terá nas materias dependentes do Departamento de Latín, xa que o estudo da lingua, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos ha redundar sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias. Non obstante, deberase ter en conta tamén o tratamento das outras competencias.

O labor de análise morfosintáctica e tradución non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento e impulsando a competencia clave de aprender a aprender.

Estándares de aprendizaxe:

1.1 Dominio da expresión oral (falar, ler e escoitar) da lingua en diferentes contextos.

1.2 Comprende o que le, localiza, recupera información e recoñece as ideas principais e secundarias.

1.3 Manexo e dominio da lingua escrita (escribir correctamente as palabras, compoñer textos de tipoloxía diversa e implicarse na escritura) en diferentes contextos.

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía poden traballarse nos temas de cultura e civilización, e nas epígrafes referidas á localización xeográfica e temporal: elaboración de eixes cronolóxicos, interpretación de mapas...

E.A:

2.1 Habilidade para utilizar números, símbolos e as operacións básicas que favorecen o desenvolvemento do cálculo mental e escrito.

2.2 Coñece e utiliza formas de expresión e razoamento científico para producir e interpretar informacións.

2.3 Dominio dos aspectos cuantitativos e espaciais da realidade para resolver problemas relacionados coa vida diaria.

2.4 Planifica, utiliza estratexias para resolver problemas cuantitativos e espaciais da vida cotiá e realiza unha presentación do proceso seguido dunha forma clara, ordenada e argumentada.

2.5 Planifica e realiza sinxelas investigacións: observar e preguntarse, manipular e experimentar, formular hipótese, verificar e argumentar.

A competencia dixital deberá estar presente en todo momento; a procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un proceso guiado polo profesorado, deberán servírnos para programar traballos colaborativos e producir novos materiais, e pólos ao dispor da comunidade educativa.

E:A:

3.1 Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación como un elemento esencial para informarse e comunicarse.

3.2 Selección, valoración e uso autónomo, responsable e reflexivo da información e as súas fontes e das diversas ferramentas tecnolóxicas para organizar a información.

3.3 Sabe recoñecer a utilidade das aplicacións informáticas para mostrar a información atopada e aclarar os contidos relacionados na devandita información, presentada dunha forma clara, concisa e visualmente dunha forma agradable no soporte tecnolóxico máis adecuado.

As competencias sociais e cívicas poden traballarse nomeadamente nos bloques referidos á civilización. A vida no mundo latino, na súa dimensión político-social ou relixiosa préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico da realidade. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade.

E.A:

4.1 Comprende a realidade social na que vive, a organización e o funcionamento das sociedades, a súa riqueza e pluralidade.

4.2 Entende a función que tivo e ten a tradición grega e latina no desenvolvemento social e dos conceptos de ciencia, relixión, mito e filosofía

4.3 Participa activamente nas actividades da aula e do centro, cumprindo coas normas establecidas e mostrando respecto polas características persoais propias e a dos seus compañeiros e compañeiras.

A competencia en conciencia e expresión cultural, ademais de no estudo da literatura grega e latina, está moi presente nos contidos referidos ás artes plásticas, ás festas e os espectáculos, e ás manifestacións relixiosas, entre as que tamén se contan os xogos deportivos. Coñecer e valorar todas estas manifestacións culturais artísticas, diferenciando xéneros e estilos, recoñecendo canons estéticos e estilos artísticos, lévanos a consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contorno, ben sexa nas páxinas dun libro ou ben nun museo ou nun depósito arqueolóxico.

E.A:

5.1 Representa de forma persoal ideas, accións e situacións, valéndose dos recursos creativos que a linguaxe plástica, visual, musical e corporal proporcionan.

5.2 Recoñece e valora as manifestacións artísticas e culturais do mundo social cultural actual e doutras épocas, en especial da Grecia clásica e da Civilización Romana

5.3 Interese pola participación na vida cultural e na contribución para a conservación do patrimonio artístico e cultural.

A competencia que traballa o **sentido da iniciativa e o espírito emprendedor** estará presente sobre todo no bloques de contidos non lingüísticos, para aproveitar a metodoloxía do traballo en grupo de xeito responsable e activo.

E.A:

6.1 Ten o hábito de traballo e é capaz de solucionar problemas de forma autónoma, sabendo tomar decisións.

6.2 Capacidade para imaxinar e emprender accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico.

6.3 Capacidade para avaliar accións e/ou proxectos, o propio traballo e capacidade para avaliar o traballo realizado en equipo

O estudo das linguas clásicas constitúe un instrumento fundamental para favorecer o discurso e, por tanto, a estruturación do pensamento do alumnado, o desenvolvemento da lóxica lingüística e a disciplina mental que se manteñen no tempo aínda que se esquezan os contidos concretos. O labor de análise morfosintáctica e tradución non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento e impulsando a competencia clave de aprender a aprender.

Contribúe en gran maneira a desenvolver a **competencia de aprender a aprender**

E.A:

7.1- Utiliza técnicas para organizar, memorizar e recuperar a información, utilizando resumos, esquemas ou mapas conceptuais.

7.2 - Reflexiona sobre a súa aprendizaxe: organización do traballo, aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe, autocorrección e autoevaluación.

7.3 -Ten curiosidade por expor preguntas para obter información que se transforme en coñecemento.

7.4 - Demostra interese por investigar e resolver diversas situacións que se expoñen

4. LIÑAS XERAIS DE REFORZO INICIAL DAS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NO CURSO ANTERIOR PARA 2º BAC. MEDIDAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS.

Sempre se procurará, ao longo do proceso de ensino aprendizaxe proceder ao repaso e afianzamento de contidos xerais de tipo estrutural, referidos en particular ao ámbito lingüístico e literario, independentemente do curso de impartición.

No curso pasado, e tal e como se fixo constar na Memoria de actividades de Departamento correspondente ao curso 2020-2021, o alumnado seguiu de xeito habitual e constante as clases presenciais. Non se produciu corte na docencia presencial nin confinamento de grupos, máis aló dalgún caso puntual que non chegou nunca á semana de duración, así que poideron impartirse todos os contidos, cumprindo os requisitos da programación didáctica. Aínda así, e conscientes como somos no departamento da necesidade do reforzo e afianzamento dos contidos lingüísticos de latín, en particular en Latín II, procederáse durante as primeiras tres semanas de curso en 2º Bacharelato a un repaso profundo e constante dos elementos gramaticais básicos da morfoloxía e sintaxe latina referentes á morfoloxía nominal, pronominal e verbal do latín con especial fincapé na morfoloxía e sintaxe das formas nominais do verbo latino e a voz pasiva, e asemade, tamén da práctica da tradución do latín á lingua de base do alumnado, e seguirá a facerse este repaso de xeito constante a través da práctica de tradución. Todos estes aspectos que xa foron estudados o ano pasado, figuran incluídos dentro do plan xeral metodolóxico e organizativo e coa temporalización habitual incluída nos elementos xerais da Programación Didáctica de Latín II.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO: LATÍN

Materia: LATÍN
CURSO: 4º DE ESO

ANO ACADÉMICO: 2021/22

ÍNDICE

- CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN. INTRODUCCIÓN.	PAX.21
- CONCRECIÓN DA PROGRAMACIÓN	PAX. 23
6. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA ÁREA QUE FORMARÁN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.	
7. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE:	
- OBXECTIVOS E CONTIDOS DESENVOLVIDOS.	
- TEMPORALIZACIÓN.	
- GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.	
- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN .	
8- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA	PAX. 31
9-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	PAX. 32
10-CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO	PAX. 33
11. ORGANIZACIÓNS DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES	PAX. 37
12- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL	PAX. 42
13- MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE	PAX. 43

1. CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN. INTRODUCCIÓN

Para a contextualización xeral da zona e das características académicas do centro, véxase o apartado correspondente da programación para este curso académico na páxina 4 deste documento.

Tal e como recolle o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo de educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, a educación plurilingüe e intercultural considera a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de maneira específica, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. O/a alumno de aprendizaxe plurilingüe realizará transferencias de coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Ademais, mediante o diálogo intercultural pónense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto dos dereitos fundamentais.

Un estudo integrado de todas as linguas posibilita que os contidos, os procesos e as estratexias que se traballan nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais. Así, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua, informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais. Igualmente presentes nas aulas están as linguas clásicas, o latín e o grego, cuxo estudo a nivel fonético, morfosintáctico e léxico proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Desempeñan, pois, un papel relevante como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda; sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Polo tanto, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

Todas as linguas teñen, obviamente, como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. Así, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida. A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos no galego, no castelán e nas linguas clásicas, a través da lectura, mediante a comprensión

e interpretación de textos significativos, favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das estudantes, dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas, ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfrónaos/as a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento deles/as mesmos/as.

En definitiva, as materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns e cidadás cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida.

O estudo do latín como lingua flexiva proporciona mediante a comparación unha sólida base científica para o estudo e o perfeccionamento progresivo no manexo doutras linguas. O idioma latino, logo de adquiridos uns mínimos coñecementos sobre os seus mecanismos morfosintácticos e o seu léxico, permite entender as linguas romances como resultado dunha evolución e atopar paralelismos entre elas que axuden no seu estudo.

O estudo da orixe e a evolución do latín ás linguas romances proporciónalle ao alumnado os instrumentos necesarios para comprender e analizar os procesos de cambios fonéticos, morfosintácticos e semánticos que deron lugar aos procedementos que rexen hoxe as súas linguas, e axuda a incrementar de xeito notable o seu léxico. A reflexión sobre o léxico coñecido, a adquisición de novas palabras e a comprensión das estruturas da lingua latina interveñen de xeito notable no uso máis eficaz da lingua propia como instrumento de aprendizaxe, comunicación e interpretación da realidade.

O estudo da herdanza clásica, obxecto das materias de Latín e Cultura clásica, abordará tamén os diferentes aspectos que se inclúen no que coñecemos como civilizacións grega e latina, berce da Europa actual. Ademais da descrición do seu marco xeográfico e do estudo dos principais fitos históricos, haberá lugar tamén para unha análise das súas estruturas sociopolíticas, da súa vida cotiá, e manifestacións culturais como os espectáculos públicos ou as súas creacións literarias e artísticas, a enxeñaría e o urbanismo, a mitoloxía e a relixión.

Partindo desta perspectiva, o estudo das nosas materias organízase en bloques. Os devanditos bloques refírense tanto a cuestións lingüísticas como a temas culturais, tendo en conta que ambos os dous aspectos constitúen dúas facetas inseparables e complementarias para o estudo da civilización romana, na materia de Latín, e das civilizacións grega e romana, na de Cultura clásica, sen as que non é posible apreciar a importancia do legado clásico na súa verdadeira dimensión.

No que se refire á contribución das nosas materias ás competencias clave contempladas no currículo, a comunicación lingüística é a competencia clave que máis presenza terá na materia de Latín, xa que o estudo da lingua latina, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos redundará sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias. Non obstante, deberase ter en conta tamén o tratamento das outras competencias.

O labor de tradución non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento e impulsando a competencia clave de aprender a aprender. A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía poden ser traballadas nos temas de cultura e civilización latina e grega. A competencia dixital deberá estar presente en todo momento. A procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un proceso guiado pola profesora, deberá servirnos para programar traballos colaborativos e producir novos

materiais para pór á disposición da comunidade educativa. As competencias sociais e cívicas poden ser traballadas particularmente nos bloques referidos á civilización. A vida no mundo grecolatino, na súa dimensión político-social ou relixiosa préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico da realidade. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade. A competencia en conciencia e expresión cultural está moi presente, ademais de no estudo da literatura latina, nos contidos referidos ás artes plásticas en Roma e en Grecia, o urbanismo e a romanización de Hispania e da Gallaecia. Coñecer e valorar todas estas manifestacións culturais artísticas, diferenciando xéneros e estilos, recoñecendo canons estéticos ou tópicos literarios, lévanos a consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contexto, ben sexa nas páxinas dun libro, ben nun museo ou nun depósito arqueolóxico. A competencia que traballa o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor estará presente sobre todo nos bloques de contidos non lingüísticos, para aproveitar a metodoloxía do traballo en grupo de xeito responsable e proactivo.

2. CONCRECIÓN DA PROGRAMACIÓN

➤ TABOA con:

6. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA ÁREA QUE FORMARÁN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAS.

7. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE CONTIDOS, TEMPORALIZACIÓN, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E RECURSOS E MATERIAIS DE AVALIACIÓN, ETC

PROGRAMACIÓN LATÍN. IES PLURILINGÜE DE AMES.
CURSO 2021-22

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación ¹
Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances							
f ñ o	B1.1. Marco xeográfico da lingua.	B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina.	LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.	CMCCT CCEC CAA CD CSC	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
e ñ o	B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.	B1.2. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa actualmente.	LAB.1.2.1. Define o indoeuropeo e reconece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.	CD CAA CMCCT	1ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
l ñ o	B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.	B1.3. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa.	LAB.1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	CSC CAA CD	1ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
l ñ o	B1.3. Linguas de España: linguas romances e non romances.	B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa.	LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	CSC CAA CD	1ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
f ñ o	B1.4. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	B1.5. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	LAB.1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe.	CCL CAA	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
b ñ o	B1.5. Nocións básicas de evolución	B1.6. Coñecer e aplicar as regras fundamentais da	LAB.1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao	CCL CAA	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%)

PROGRAMACIÓN LATÍN. IES PLURILINGÜE DE AMES.
CURSO 2021-22

	fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.	evolución fonética do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos.	castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.				Exame
Bloque 2. Sistema da lingua latina: elementos básicos							
e	B2.1. Orixes da escritura. Sistemas de escritura.	B2.1. Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto.	LAB2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función.	CD CCEC	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
e	B2.2. Orixes do alfabeto latino.	B2.2. Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas e identificar os tipos de alfabeto empregados hoxe en día en Europa.	LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, recoñece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan.	CAA CD	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
h	B2.3. Pronuncia do latín.	B2.3. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas de pronuncia en latín.	LAB2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.	CCL	1ª	100%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame oral
Bloque 3. Morfoloxía							
b	B3.1. Formantes das palabras.	B3.1. Identificar e distinguir os formantes das palabras.	LAB3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.	CMCCT CCL	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
e	B3.2. Tipos de palabras: variables e invariables.	B3.2. Distinguir e clasificar tipos de palabras.	LAB3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.	CAA CCL	1ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
e b	B3.3. Concepto de declinación e conxugación.	B3.3. Comprender o concepto de	LAB3.3.1. Define o concepto de	CAA CCL	1ª	100%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado

¹ NOTA BENE: A PONDERACIÓN DE TODOS OS INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DE TODAS AS UNIDADES DIDÁCTICAS FIGURA TAMÉN EXPLICITADA NA PÁXINA 90 DE XEITO XERAL.

PROGRAMACIÓN LATÍN. IES PLURILINGÜE DE AMES.
CURSO 2021-22

		declinación e conxugación.	declinación e conxugación.				Procedementos (90%) Exame
b e	B3.4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes.	B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente.	LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación.	CD CCL	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
			LAB3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.	CCL CAA	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
b e	B3.5. Flexión verbal.	B3.5. Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente.	LAB3.5.1. Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado.	CAA CCL	1ª,2ª,3ª	100%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
			LAB3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e reconece a partir destas os modelos de conxugación.	CCL CAA	1ª,2ª,3ª	100%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
e b h ñ o	B3.5. Flexión verbal.	B3.6. Recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir do tema de presente e perfecto, tanto en voz activa como en voz pasiva, así como as formas non persoais do verbo: infinitivo de presente activo e participio de perfecto.	LAB3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo.	CAA CCL	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
			LAB3.6.2. Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo.	CD CCL	3ª	10%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
			LAB3.6.3. Identifica formas non persoais	CAA	3ª	0,1%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado

PROGRAMACIÓN LATÍN. IES PLURILINGÜE DE AMES.
CURSO 2021-22

			do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto.	CCL			Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
			LAB3.6.4. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas.	CCL	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
Bloque 4. Sintaxe							
f	B4.1. Elementos da oración.	B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.	LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.	CMCCT	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
h	B4.2. Casos latinos.	B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos e identificar as súas principais funcións na oración, e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente.	LAB4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración.	CAA CCL	1ª	100%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
			LAB4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	CCL	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
e	B4.3. Concordancia.	B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán.	LAB4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	CCL	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
b	B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas.	B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.	LAB4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características.	CMCCT CCA CCL	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
e	B4.5. Oración composta: oracións coordinadas.	B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas.	LAB4.5.1. Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferéncias das oracións simples.	CAA CMCCT CCL	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame

PROGRAMACIÓN LATÍN. IES PLURILINGÜE DE AMES.
CURSO 2021-22

h	B4.6. Construcións de infinitivo e de participio máis transparentes.	B4.6. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis transparentes.	LAB4.6.1. Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e análzaas e tradúceas correctamente.	CCL	1ª,2ª,3ª	10%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización							
a f e ñ	B5.1. Períodos da historia de Roma.	B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos.	LAB5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.	CSC CSIEE CD	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
			LAB5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente.	CAA CCEC CSC	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
			LAB5.1.3. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información.	CD CAA CMCCT	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
			LAB5.1.4. Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e as súas principais consecuencias.	CSC CCEC CCL	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
a ñ	B5.2. Organización política e social de Roma.	B5.2. Coñecer os trazos fundamentais da organización política e social de Roma.	LAB5.2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.	CSIEE CSC CCL	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
			LAB5.2.2. Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais.	CSIEE CSC CCEC CCL	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
c ñ	B5.3. A familia romana.	B5.3. Coñecer a composición da familia e os	LAB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da	CSC CCEC CCL	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%)

PROGRAMACIÓN LATÍN. IES PLURILINGÜE DE AMES.
CURSO 2021-22

		papeis asignados aos seus membros.	familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais.				Exame
l n	B5.4. Mitoloxía e relixión.	B5.4. Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina.	LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes.	CCEC CCL CD	1ª,2ª,3ª	100%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
n ñ	B5.4. Mitoloxía e relixión.	B5.5. Coñecer os deuses, mitos e heroes latinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.	LAB5.5.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos.	CAA CCEC CD	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
m	B5.5. Vida cotiá: vivenda, alimentación e indumentaria.	B5.6. Recoñecer os tipos de vivenda empregados en Roma, as características principais da alimentación romana, os elementos da indumentaria e as normas de hixiene persoal, peiteados e cosméticos.	LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade.	CD CCEC CSC CCL CSIEE CCL CAA	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
d e ñ	B5.6. Espectáculos públicos: teatro, circo e anfiteatro.	B5.7. Coñecer os espectáculos públicos realizados no teatro, no circo e no anfiteatro, e a súa relación co mundo actual.	LAB5.7.1. Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes.	CSC CSIEE CCL CMCCT CCEC	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
Bloque 6. Textos							
h	B6.1. Análise morfolóxica e sintáctica.	B6.1. Aplicar coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe para iniciarse na	LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para	CCL CAA	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame

PROGRAMACIÓN LATÍN. IES PLURILINGÜE DE AMES.
CURSO 2021-22

		interpretación, na tradución e na retroversión de frases de dificultade progresiva e textos adaptados.	efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.				
d o	B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.	B6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias.	LAB6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.	CCL CAA	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
h	B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución.	B6.3. Utilizar correctamente os manuais de gramática e o dicionario, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan.	LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.	CCL CAA	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
l f	B6.4. Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.	B6.4. Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e a estrutura de textos latinos traducidos.	LAB6.4.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.	CCEC CCL	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
			LAB6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.	CMCCT CD CCL	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
b	B6.5. Produción de pequenos textos propios en lingua latina.	B6.5. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia.	LAB6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.	CCL	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
g	B6.5. Produción de pequenos textos propios en lingua latina.	B6.6. Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva.	LAB6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.	CCL	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
Bloque 7. Léxico							

PROGRAMACIÓN LATÍN. IES PLURILINGÜE DE AMES.
CURSO 2021-22

h ñ o	B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.	B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.	LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.	CAA CCL	1ª,2ª,3ª	100%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
			LAB7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.	CD CAA	1ª,2ª,3ª	100%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
b ñ o	B7.2. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos.	B7.2. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta.	LAB7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.	CMCCT CCL	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
l ñ o	B7.2. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos.	B7.3. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas do alumnado.	LAB7.3.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.	CCL	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
e b	B7.3. Locucións latinas de uso actual.	B7.4. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.	LAB7.4.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.	CD CSC CCEC CCL	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame

8. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA

Utilizarase unha metodoloxía mixta: indutiva e dedutiva.

A indutiva serve para motivar a participación dos alumnos mediante o uso de pequenos debates nos que se tentará detectar as ideas previas, preconcepcións ou esquemas alternativos do alumno como produto da súa experiencia diaria e persoal e os coñecementos previos.

O método dedutivo favorece a actividade mental como complemento ao proceso de aprendizaxe indutivo. Para iso presentárase cada idea, concepto ou feito da forma máis sinxela posible.

O profesor guía este proceso con actividades nas que é necesario consultar diversas fontes de información, e ademais, debe fomentar o rigor no uso da linguaxe.

En todas as actividades é convinte reflexionar sobre o realizado, recompilar o que se aprendeu, analizar o avance en relación coas ideas previas (punto de partida) e facilitar

ao alumno a reflexión sobre habilidades de coñecemento, procesos cognitivos, control e planificación da propia actuación, a toma de decisións e a comprobación de resultados.

O alumnado ten que construír criterios sobre as propias habilidades e competencias en campos específicos do coñecemento e do seu quefacer como estudante.

Empregaranse diferentes mecanismos segundo o resultado de aprendizaxe a lograr, o estilo de aprendizaxe do alumno ou as condicións materiais

Metodoloxía	Descrición	Exemplo de actividade
1. Clases teóricas.	Exposición da teoría polo profesor e o alumno toma apuntamentos (lección maxistral), ou ben participa ante preguntas do profesor	Aprendizaxe baseada en aplicación de casos ou discusións propiciadas polo profesor
2. Clases prácticas.	Clases onde o alumno debe aplicar contidos aprendidos na teoría.	
a) Clases de tradución e exercicios.	O alumno resolve unha tradución ou toma decisións facendo uso dos coñecementos aprendidos na teoría.	Tradución de textos ou resolución de exercicios.
b) Prácticas de investigación	O alumno realiza unha investigación facendo uso dos coñecementos aprendidos na teoría.	Exercicio de investigación, procura de exemplos de tradición clásica ou prácticas informáticas...
3. Talleres, conferencias.	Reflexión e/ou profundización de contidos xa traballados polo alumno con anterioridade (teóricos e/ou prácticos).	Cinefórum, teatro, taller de lectura, talleres de cultura clásica, ciclos de conferencias...
4. Ensinanza no presencial.	O alumno aprende novos contidos pola súa conta, a partir de orientacións do profesor ou por parte de material didáctico deseñado para o efecto.	Aprendizaxe autónoma, autoaprendizaxe, estudio dirixido, tutoriais, traballo virtual en rede...
5. Tutoría.	Traballo personalizado cun alumno ou grupo. É un recurso docente para seguir un programa de aprendizaxe complementaria ao traballo presencial (orientar e ampliar o traballo autónomo e avaliar o traballo).	Ensinanza por proxectos, supervisión de grupos de traballo.

9. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Todos os materiais e recursos didácticos, bibliográficos, audiovisuais, en rede, que se empregarán neste curso aparecen recollidos no PLAN LECTOR

Neste curso os materiais serán todos de elaboración propia polo profesor encargado da impartición da materia. Non se pedirá libro de texto.

Tamén utilizaranse textos e exercicios obtidos de diferentes manuais e da rede, especialmente de:

- LINGVA LATINA PER SE ILLUSTRATA, PARS I **FAMILIA ROMANA. H. Orberg.**

10. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

AVALIACIÓN DOS CONTIDOS DIDÁCTICOS

Contidos didácticos

Os contidos didácticos avaliaranse utilizando os procedementos seguintes:

- 1- Realización de 2 **probos escritos** ao longo do trimestre. As devanditas probas poderán ter carácter presencial e/ou telemático.
- 2- Recollida de datos do **traballo na aula e persoal** do alumno (caderno, tarefas, etc) e asemade, na aula telemática, que inclúe a posibilidade de realización optativa de **traballos individuais ou en grupo** (de investigación, artísticos) e exposición na aula e/ou na casa.

Instrumentos de avaliación		Ponderación de cualificación
1. Realización de probas obxectivas	Non teñen que ser de contido e valor simétrico na súa valoración.	90%
2. Produción de traballos en grupo ou individuais e/ou Realización de tarefas ou actividades na aula e na casa	Recollida de datos do traballo na aula e persoal do alumno e asemade, na aula telemática. Valoración obxectiva de exercicios, apuntes, respostas recollidas e valoradas no caderno de clase do alumno e na casa. Os instrumentos se valoran de 1 a 10 e se realiza a nota media de todos, que terá ponderación total do 10% da nota total	10 %

1- Nas **probos obxectivos ou exames**, valoraranse os seguintes aspectos:

Valoración: 10% expresión e ortografía; 90% contidos

No apartado de contidos ten que acadarse a nota mínima dun 35% para que sumen as porcentaxes de presentación e ortografía e redacción.

As faltas ortográficas e gramaticais penalizaránse do conxunto da nota do exame ata un máximo de 1 punto.

Descontarase 0.1 punto por cada falta de ortografía non repetida e por cada erro no léxico, e 0.1 por cada dous erros non repetidos no uso do acento gráfico (acentos que faltan ou que sobran).

Os erros marcaranse no exame (rodeados con círculos); o número de faltas/erros e acentos, e os descontos practicados estarán marcados claramente.

Recuperación: Proba obxectiva

Haberá unha recuperación por cada proba obxectiva que se realice, das dúas por avaliación, e asemade, unha xeral ao termo de cada avaliación, para recuperación da avaliación en caso de non acadar os obxectivos mínimos.

2- Nos traballos persoais ou grupais terase en conta o desenvolvemento, a presentación, a expresión, as faltas de ortografía, o uso de conceptos e a orixinalidade.

Valoración: 20% presentación, expresión e ortografía; 80% contidos

No apartado de contidos ten que acadarse a nota mínima dun 35% para que sumen as porcentaxes de presentación e ortografía e redacción.

As faltas ortográficas e gramaticais penalizaráanse do conxunto da nota do exame ata un máximo de 2 puntos.

Descontarase 0.1 punto por cada falta de ortografía non repetida e por cada erro no léxico, e 0.1 por cada dous erros non repetidos no uso do acento gráfico (acentos que faltan ou que sobran).

Os erros marcaranse (rodeados con círculos); o número de faltas/erros e acentos, e os descontos practicados estarán marcados claramente no apartado “observacións”.

- *Por cada día de retraso inxustificado na entrega do traballo, penalizarase a nota do mesmo en 0,10 puntos. No caso de que algún traballo non se realizase no seu momento por causas xustificadas o alumno poderá presentalo para a súa cualificación posterior.*

-Os traballos estarán realizados de forma completa e non poderán estar copiados nin a plaxio total ou parcial.

- A presentación dos traballos deberá axustarse ás condicións prescritas na aula.

3- No traballo de aula e persoal recollido no caderno do alumno teranse en conta os seguintes aspectos.

-Os traballos estarán realizados de forma completa e non poderán estar copiados nin suxeitos a plaxio total ou parcial.

- A presentación dos traballos deberá axustarse ás condicións prescritas na aula.

Valoración: 20% presentación, expresión e ortografía: 80% contidos

As faltas ortográficas e gramaticais penalizaráanse do conxunto da nota do traballo ata un máximo de 2 puntos.

Descontarase 0.1 punto por cada falta de ortografía non repetida e por cada erro no léxico, e 0.1 por cada dous erros non repetidos no uso do acento gráfico (acentos que faltan ou que sobran).

Os erros marcaranse (rodeados con círculos); o número de faltas/erros e acentos, e os descontos practicados estarán marcados claramente no apartado “observacións”.

- *Por cada día de retraso inxustifico na entrega do traballo, penalizarase a nota do mesmo en 0,10 puntos. No caso de que algún traballo non se realizase no seu momento por causas xustificadas o alumno poderá presentalo para a súa cualificación posterior.*

No apartado de contidos ten que acadarse a nota mínima dun 35% para que sumen as porcentaxes de presentación e ortografía e redacción.

NOTA DA AVALIACIÓN:

A nota de avaliación obterase do seguinte modo:

Probas escritas e similares : 90% (resultado da media tras avaliar cada proba obxectiva escrita)

A copia dun exame suporá unha cualificación de 0 puntos no mesmo.

Traballo na aula, aula virtual, aula telemática e/ou na casa: 10% (resultado da media tras a avaliación de cada traballo realizado na aula por indicación do profesor, ou na casa)

A NOTA OBTIDA NO TRABALLO DE AULA/E/OU NA CASA SUMARASE Á NOTA MEDIA OBTIDA NAS PROBAS ESCRITAS DE AVALIACIÓN (2 POR AVALIACIÓN), DANDO COMO RESULTADO A NOTA FINAL DE AVALIACIÓN.

Para obter a nota final por avaliación da materia aplicarase **REDONDEO Á ALZA CANDO O ALUMNO ACADÉ UNA NOTA IGUAL OU SUPERIOR AO 0'5**. A cualificación necesaria para aprobar a materia será de **5 puntos**.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO E MECANISMOS DE RECUPERACIÓN

Os alumnos que teñan **unha ou dúas, ou as tres avaliacións suspensas** poderán facer a finais de maio ou principios de **xuño unha proba de recuperación dentro da proba de avaliación final ordinaria**, que consistirá nunha **proba escrita** cos contidos vistos durante o curso. Asemade, aqueles que superasen todas as avaliacións, poderán tamén

presentarse á proba final ordinaria para subir nota. En ningún caso se lles baixará a nota en caso de que obteñan unha nota inferior á media que tivesen.

En caso de que a media xeral do alumno sexa igual ou superior ao 5 tras a realización da 3ª avaliación, e sempre e cando non suspendese con menos dun 4 unha das dúas avaliacións anteriores, o alumno non terá que ir a esa proba de recuperación final ordinaria de finais de maio ou principios de xuño. Os alumnos que suspendan 2 avaliacións ou as 3 avaliacións deberán ir obrigatoriamente á proba final ordinaria de recuperación de finais de maio ou principios de xuño. Os alumnos que desexen subir nota poderán substituír a presentación á proba de recuperación de finais de maio ou principios de xuño pola presentación dun traballo ou entrega dun caderno de actividades, indicado con suficiente antelación como para que os alumnos estean capacitados para realizalo axeitadamente e con aproveitamento.

Para obter a nota final da materia aplicaranse as medias das avaliacións **CON REDONDEO Á ALZA CANDO O ALUMNO ACADE UNA NOTA IGUAL OU SUPERIOR AO 0'5**. A cualificación necesaria para aprobar a materia será de **5 puntos**.

NOTA BENE: De cada avaliación farase a súa correspondiente recuperación cunha proba obxectiva ao inicio de cada nova avaliación. En caso de superar a devandita proba de recuperación, o alumno terá aprobada a avaliación anterior coa nota obtida no exame de recuperación, que será a que figure na nota da avaliación e coa que se procederá a facer a media.

Valoración da **proba de recuperación ordinaria de finais de maio ou principios de xuño: 10% expresión e ortografía; 90% contidos**.

No apartado de contidos ten que acadarse a nota mínima dun 35% para que sumen as porcentaxes de presentación e ortografía e redacción.

Descontarase 0.1 punto por cada falta de ortografía non repetida e por cada erro no léxico, e 0.1 por cada dous erros non repetidos no uso do acento gráfico (acentos que faltan ou que sobran).

Os erros marcaranse no exame (rodeados con círculos); o número de faltas/erros e acentos, e os descontos practicados estarán marcados claramente.

PROBA DE AVALIACIÓN-RECUPERACIÓN EXTRAORDINARIA:

A finais de xuño propórase unha **proba de recuperación extraordinaria** que consistirá nunha proba escrita cos contidos vistos durante o curso.

Valoración: 10% expresión e ortografía; 90% contidos

No apartado de contidos ten que acadarse a nota mínima dun 35% para que sumen as porcentaxes de presentación e ortografía e redacción.

Descontarase 0.1 punto por cada falta de ortografía non repetida e por cada erro no léxico, e 0.1 por cada dous erros non repetidos no uso do acento gráfico (acentos que faltan ou que sobran).

Os erros marcaranse no exame (rodeados con círculos); o número de faltas/erros e acentos, e os descontos practicados estarán marcados claramente.

IMPORTANTE: En casos excepcionais, e previa reunión co titor/a e o Departamento de Orientación, poderá substituír a proba de recuperación ordinaria final de inicios de xuño e asemade, a proba de recuperación extraordinaria de finais de xuño pola entrega dun caderno de exercicios.

11. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Aínda que no curso 2021-2022 non hai alumnos de 4º ESO coa materia de Latín pendente, en previsión de que poidan matricularse alumnado novo en esta circunstancia, o departamento quere facer constar que os alumnos coa materia pendente terán a opción de recuperala de dúas maneiras posibles:

- Exame de recuperación final en abril-maio: proba de recuperación que, formalmente e oficialmente, se convoque posiblemente no mes de abril-maio, para a superación de latín como pendente. A estes efectos, a inicios de curso, o profesorado entregará ao alumnado unha lista cos contidos que formarán parte da proba.
- Entrega puntual, conforme ás normas que se establezan no inicio de curso, dun dossier-caderniño de actividades que se estruturará en dúas partes, unha primeira a entregar na primeira avaliación e unha segunda, na segunda avaliación. Se o dossier-caderniño resulta de correcta resolución, o profesorado comprobará que, en efecto, as actividades foron realmente aproveitadas polo alumno ou alumna, De confirmarse unha valoración positiva, o alumno ou alumna superaría a materia de latín de 4º da ESO pendente

Valoración: 10 % expresión e ortografía; 90% contidos

Descontarase 0.1 punto por cada falta de ortografía non repetida e por cada erro no léxico, e 0.1 por cada dous erros non repetidos no uso do acento gráfico (acentos que faltan ou que sobran).

Os erros marcaranse no exame ou dossier-caderniño (rodeados con círculos); o número de faltas/erros e acentos, e os descontos practicados estarán marcados claramente no apartado “observacións”.

Por cada día de retraso inxustificable na entrega do caderno, penalizarase a nota do mesmo en 0,10 puntos. No caso de que algún caderno non se entregase no seu momento por causas xustificadas o alumno poderá presentalo para a súa cualificación posterior.

Os traballos do caderno estarán realizados de forma completa e non poderán estar copiados nin suxeitos a plaxio total ou parcial. O profesor reserva o dereito de

comprobación de que o alumno realizou por si mesmo e con aproveitamento, o caderno-dossier. De chegar a darse esta situación, procederá a elaborar un informe que entregará en copia ao titor e en xefatura de estudos, tanto se é favorable coma non favorable.

- A presentación dos cadernos deberá axustarse ás condicións prescritas na aula.

Tanto o exame como os cadernos valoraranse según as rúbricas de avaliación recollidas nesta mesma programación, ao igual que todos os traballos e exames.

- Pto 3. De resultar valorado de forma negativa, o alumno ou alumna aínda terá a opción extraordinaria de presentarse á proba final ordinaria e a proba final extraordinaria.

-Para obter a nota final da materia aplicarase REDONDEO Á ALZA CANDO O ALUMNO ACADE UNA NOTA IGUAL OU SUPERIOR AO 0'5. A cualificación necesaria para aprobar a materia será de 5 puntos.

- **RÚBRICAS DE AVALIACIÓN**

As rúbricas de avaliación empregaranse para obter a nota de calificación.

En cada rúbrica indícase o grao mínimo de consecución esixido para aprobar os contidos que se avalían.

- **Rúbrica para avaliar unha tradución:**

Calificación	Descrición
5	Demostra total comprensión do texto. Todos os requirimentos da tarefa están incluídos na resposta.
4	Demostra considerable comprensión do texto. Os requirimentos da tarefa están incluídos na resposta.
3 Grao mínimo	Demostra comprensión parcial do texto. A maior parte dos requirimentos da tarefa están comprendidos na resposta.
2	Demostra pouca comprensión do texto. Moitos dos requirimentos da tarefa faltan na resposta.
1	Non comprende o texto.
0	Non responde. Non tentou facer a tarefa.

- **Rúbrica para avaliar os coñecementos lingüísticos e culturais:**

Calificación	Descrición
5	Demostra total coñecemento dos contidos. Todos os requirimentos da tarefa están incluídos na resposta.
4	Demostra considerable coñecemento dos contidos. Os requirimentos da tarefa están incluídos na resposta.
3 Grao mínimo	Demostra coñecemento parcial dos contidos. A maior parte dos requirimentos da tarefa están comprendidos na resposta.

2	Demostra pouco coñecemento dos contidos. Moitos dos requirimentos da tarefa faltan na resposta.
1	Non coñece os contidos .
0	Non responde. Non tentou facer a tarefa.

- **Rúbrica de valoración dun traballo ou exposición:**

Categoría	Bo (Nota Máx)	Grao mínimo 6	Suspense
Ideas e contido	O escrito é claro, enfocado e interesante. Mantén a atención do lector. A historia enriquecese con anécdotas e detalles relevantes.	O escrito é claro e enfocado, pero o resultado pode non captar a atención. Hai un intento por sustentalo, pero é limitado, moi xeral ou fóra do alcance.	O escrito carece de pulso ou de propósito central. O lector vese forzado a facer inferencias baseándose en detalles moi incompletos
Organización	A organización resalta a idea central. A orde, a estrutura ou a presentación é a adecuada aos contidos e obxectivos	Erros na organización e estrutura dos contidos.	A organización está desarticulada. A escritura carece de ideas ou detalles. As ideas encadéanse unhas con outras atropelladamente
Elección de palabras	As palabras transmiten a mensaxe proposta en forma interesante, natural e precisa. A escritura é completa, rica e concisa.	A linguaxe é corrente, pero transmite a mensaxe. É funcional, aínda que carece de efectividade. O escritor decide por facilidade de manexo, producir unha especie de «documento xenérico», colmado de frases e palabras familiares	O escritor utiliza un vocabulario que busca a cegas as palabras que transmiten significado. A linguaxe é tan baleiro, abstracto ou tan reducido que é carente de detalles
Fluidez nas oracións	A escritura flúe facilmente e ten bo ritmo cando se le en voz alta. As oracións están ben construídas, son coherentes e a estrutura é variada e fai que ao lelas sexan expresivas.	As oracións son máis mecánicas que fluídas. O texto carece de ritmo ou graza. Ocasionalmente as construcións son inadecuadas e fan lenta a lectura.	O escrito é difícil de entender ou ler en voz alta. As oracións tenden a ser cortadas, incompletas, inconexas, irregulares e bastas
Presentación	Boa comprensión dos estándares e convencións da escritura (utilización de maiúsculas, puntuación, ortografía ou construción de parágrafos). Os erros son moi poucos e de menor importancia.	Hai erros nas convencións para escribir, que aínda que non son demasiados, prexudican a facilidade de lectura. Aínda cando os erros non bloquean o significado, tenden a distraer	Hai numerosos e repetidos erros na utilización adecuada da linguaxe, na estrutura das oracións, na ortografía ou na puntuación, que fan que o texto sexa difícil de ler. A gravidade e frecuencia dos erros tende a ser tan notoria que o lector atopa moita dificultade para concentrarse na mensaxe e debe relelo para podelo entender.

- **Valoración da actitude e interese en aula. RÚBRICA SÓ INFORMATIVA PARA TITORÍA e elaboración de informes pertinentes á titoría, xefatura de estudos, departamento de orientación, e instancias oportunas.**

Categoría	Alta	Media	Baixa
Interese	1-O alumno non ten nunca atrasos nin faltas inxustificadas. 2. Presenta unha boa predisposición cara á materia.	1. O alumno ten algúns atrasos e/ou algunhas faltas inxustificadas. 2. Presenta predisposición normal cara á materia.	1. O alumno ten moitos atrasos e/ou moitas faltas inxustificadas. 2. Presenta unha mala predisposición cara á materia
Participación	O alumno sae voluntario con asiduidade á lousa, pregunta dúbidas, responde as preguntas formuladas polo profesor e participa en debates suscitados na aula.	O alumno sae algunhas veces voluntario á lousa, pregunta dúbidas, responde as preguntas formuladas polo profesor e participa en debates suscitados na aula.	O alumno non sae normalmente voluntario á lousa, non pregunta dúbidas, non responde as preguntas formuladas polo profesor e non participa en debates suscitados na aula.
Comportamento na aula	O alumno nunca se distrae, atende ao profesor e aos seus compañeiros, non molesta, nin interrompe innecesariamente o desenvolvemento das clases.	O alumno distráese algunhas veces, ás veces non atende ao profesor nin aos seus compañeiros e molesta ás veces o desenvolvemento das clases.	O alumno normalmente distráese, non atende ao profesor nin aos seus compañeiros e interrompe innecesariamente o desenvolvemento das
Material	O alumno trae sempre o material que o profesor lle ha indicado que vai necesitar: libro, caderno, dicionario...	O alumno non trae algunhas veces o material que o profesor lle ha indicado que necesita: libro, caderno, dicionario..	O alumno non trae normalmente o material que o profesor lle ha indicado que vai necesitar: libro, caderno, dicionario..
Tarefas diarias	O alumno sempre trae as tarefas encomendadas polo profesor.	O alumno non trae algunhas veces as tarefas encomendadas.	O alumno non trae normalmente as tarefas encomendadas.

• **Valoración do caderno-dossier de actividades, etc do alumno**

Categoría	Alta (10)	Media (6)	Baixa (Suspenso)
Organización e presentación dos contidos	1. Os temas están separados e a estrutura dos mesmos é clara. 2. Os exercicios están numerados e referenciados. 3. A letra é clara e comprensible. 4. Aplica correctamente as regras de ortografía e puntuación. 5. As follas están numeradas. 6. As follas están ordenadas. 7. No caderno non hai borróns, está limpo e utiliza distintas cores para destacar.	Polo menos tres dos ítems anteriores non se cumpren	Polo menos cinco dos ítems anteriores non se cumpren.
Contidos do caderno	1. Contén todos os exercicios, resumos, esquemas, debuxos e explicacións do profesor. 2. Contén traballos opcionais.	1. Fáltanlle algún dos exercicios, resumos, esquemas, debuxos e explicacións do profesor.	1. Fáltanlle a maioría dos exercicios, resumos, esquemas, debuxos e explicacións do profesor.

Claridade e veracidade das explicacións do profesor	1. Recolle as explicacións do profesor con fidelidade e están expresadas con claridade. 2. Realiza bastantes anotacións propias que lle axudan a estudar.	1. Recolle as explicacións do profesor con algún erro. 2. Realiza algunhas anotacións propias que lle axudarán a estudar.	1. Recolle as explicacións do profesor con erros excesivos e graves. 2. Non realiza anotacións propias
Existencia de sinais de autocorrección dos contidos do caderno	Todos os exercicios de tradución e análise do caderno mostran sinais visibles de ser corrixis por medio de diferentes cores, marcas de supervisión, etc.	Algúns dos exercicios de tradución e análise do caderno non mostran sinais visibles de ser corrixis por medio de diferentes cores, marcas de supervisión, etc.	A maioría dos exercicios de tradución e análise do caderno non mostran sinais visibles de ser corrixis por medio de diferentes cores, marcas de supervisión, etc.
Existencia de sinais de revisión e procura de erros dos contidos do caderno	En todos os exercicios de tradución e análise realizados incorrectamente, o alumno localiza o erro cometido.	Nalgúns dos exercicios de tradución e análise realizados incorrectamente, o alumno non localiza o erro cometido.	Na maioría dos exercicios de tradución e análise realizados incorrectamente, o alumno non localiza o erro cometido
Tarefas diarias	O alumno sempre trae as tarefas encomendadas polo profesor.	O alumno non trae algunhas veces as tarefas encomendadas.	O alumno non trae normalmente as tarefas encomendadas.

LATÍN. 4º ESO

• GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DA MATERIA

Para acadar o **nivel mínimo** esixido nesta materia será necesario:

- Dominar de xeito básico a flexión nominal latina regular (substantivos e adxectivos)
- Dominar de xeito básico os principais items da flexión pronominal (demostrativos e anafóricos).
- Dominar de xeito básico a flexión verbal regular e a do verbo SUM nos tempos de indicativo e subxuntivo (presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto, pretérito perfecto e pretérito pluscuamperfecto).
- Coñecer os elementos sintácticos fundamentais, as estruturas oracionais básicas e o valor dos casos.
- Traducir de xeito correcto textos breves, axeitados e escollidos.
- Demostrar un coñecemento básico da historia e culturas romanas e da súa pegada na cultura occidental segundo o currículo da materia.
- Coñecer o vocabulario latino básico e os latinismos máis frecuentes do vocabulario común

12. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Na materia de Latín de 4º de ESO, os contidos iniciais e as actividades e exercicios realizados na aula nos primeiros días de clase permiten comprobar, sen necesidade de facer ningunha proba específica, a situación de cada alumno e alumna. Detéctanse facilmente presenza de erros ou ocos conceptuais de contido lingüístico e literario-histórico-cultural que actúen como obstáculos para a aprendizaxe posterior.

O deseño da avaliación inicial está dirixido a detectar o alumnado que precisa da aplicación de medidas diversificadas, tanto a nivel individual como a nivel colectivo. Unha vez detectadas as necesidades educativas específicas, estableceranse as medidas apropiadas, sempre en contacto, apoio, asesoramento e colaboración co titor e departamento de orientación, entre as que destacamos:

Atención individual

Subministración de material de apoio na aula

Ampliación de tempo na realización de probas

Apoios en pequeno grupo

Tutorías durante os recreos

Realización de tarefas en grupo

Traballo selectivo con material de nivel inferior.

Estas medidas serán aplicadas no marco da metodoloxía descrita dentro desta programación. Neste sentido, na materia de Latín de 4º ESO interesa detectar o nivel de competencia dos alumnos na comunicación lingüística para o que nos primeiros días de clase prestarase especial atención as actividades de lectura en voz alta, expresión oral e escrita dos textos lidos e traballados. Como complemento ao anterior, ofrecerase aos alumnos unas recomendacións para mellorar a presentación e a redacción dos seus traballos e realizaranse plantillas de traballo en procesador de textos.

13. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Proporáanse medidas de reforzo mediante exercicios, lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para aqueles alumnos que teñan dificultades cos contidos da materia ou non poidan seguir o ritmo da clase.

Por suposto, debemos ter en conta a resposta ás diferentes necesidades educativas que pode presentar o alumnado en termos xerais, e en particular, dentro do proceso de ensino-aprendizaxe desta materia. Independentemente das medidas tomadas a nivel de centro, teremos presentes as diferentes necesidades educativas dos alumnos ou alumnas á hora de organizar o traballo na aula, coa permanente coordinación co/a titor/a e o departamento de orientación. As medidas de flexibilización curricular en Latín 4ºESO referiranse tanto á metodoloxía como á avaliación. Propoñemos como medidas de atención á diversidade, entre outras susceptibles de implementarse en asesoramento e colaboración co departamento de orientación:

- Secuencias de contidos que aseguran aprendizaxes básicas para todo o grupo e coñecementos de maior complexidade para algúns.
- Actividades variadas e con distinto nivel de dificultade, e adaptación dos tempos asignados á realización destas en función dos diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Recursos e materiais diferenciados que contemplan distintos estilos de aprendizaxe.
- Criterios de avaliación que contemplan diferentes graos de logro.
- Actividades de reforzo para aqueles alumnos/as que non seguen o ritmo de aprendizaxe do grupo.
- Actividades de ampliación para o alumnado que supere os obxectivos propostos.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO: LATÍN

Materia: LATÍN

CURSO: 1º DE BACHARELATO

ANO ACADÉMICO: 2021/22

ÍNDICE

- CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN. INTRODUCCIÓN.	PAX.46
- CONCRECIÓN DA PROGRAMACIÓN	PAX. 46
6. Relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis da área que formarán parte dos perfís competenciais.		
7. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de:		
- Obxectivos e contidos desenvolvidos.		
- Temporalización.		
- Grao mínimo de consecución para superar a materia.		
- Procedementos e instrumentos de avaliación .		
8- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS	PAX. 59
9-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	PAX. 60
10-CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO	PAX.61
11. ORGANIZACIÓNS DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES	PAX. 69
12- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL	PAX. 71
- ATENCIÓN A DIVERSIDADE	PAX. 72

- **CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN.
INTRODUCCIÓN.**

A contextualización xeral da zona e do centro aparece recollida na páxina inicial da programación, na páxina 4.

Neste curso académico 2021-2022 atópanse matriculados, con carácter provisorio ao se tratar dunha materia optativa, 28 alumnos en dous grupos.

O reducido número de alumnado por aula matriculado favorece unha atención bastante personalizada ás carencias que poida ter cada un á hora de asimilar os contidos. Isto compensa o posible heteroxéneo nivel do grupo, onde o mais común soe ser:

- Alumnos que o ano pasado cursaron a materia de Latín en 4º e alumnos que non.
- Alumnos que cursaron en 3º ou 4º a materia de Cultura Clásica e alumnos que non.

O feito de que Latín de 1º Bacharelato comece desde contidos de nivel A1 segundo o Portfolio Europeo das Linguas, fai que o principal problema a atopar a nivel inicial soe referirse a falta de contidos instrumentais de referencia, en particular, carencias máis ou menos amplas en canto a conceptos básicos de Lingüística Xeral e Gramática, tanto na vertente de morfoloxía coma de sintaxe. Isto é especialmente dificultoso á hora de facer a asimilación inicial de conceptos básicos da gramática latina coma “flexión”, “caso” e “declinación”. Algúns alumnos necesitan una axuda especial nestes apartados e se procederá a lles adicar un tempo adicional a estes conceptos básicos.

1. CONCRECIÓN DA PROGRAMACIÓN

TABOA con:

6. Relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis da área que formarán parte dos perfís competenciais.

7. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de:

- Obxectivos e contidos desenvolvidos.
- Temporalización.
- Grao mínimo de consecución para superar a materia.
- Procedementos e instrumentos de avaliación

PROGRAMACIÓN LATÍN. IES PLURILINGÜE DE AMES.
CURSO 2021-22

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación ²
Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances							
I p	B1.1. Marco xeográfico da lingua.	B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina.	LA1B1.1.1. Localiza nun mapa o marco xeográfico da lingua latina e a súa expansión, delimitando os seus ámbitos de influencia e colocando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.	CMCCT CCEC CSC	1ª aval	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
g	B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.	B1.2. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa hoxe en día.	LA1B1.2.1. Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, e delimita nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.	CD CAA	1ª aval	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
n	B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.	B1.3. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa.	LA1B1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	CSC CCEC	1ª aval	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
n p	B1.3. Linguas de España: linguas romances e non romances.	B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa, e delimitar o marco xeográfico das linguas romances faladas no mundo,	LA1B1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe romances e non romances, localiza nun mapa as zonas onde se utilizan, delimita o marco xeográfico das linguas romances	CSC CCEC	1ª aval	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame

²NOTA BENE: A PONDERACIÓN DE TODOS OS INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DE TODAS AS UNIDADES DIDÁCTICAS FIGURA TAMÉN EXPLICITADA NA PÁXINA 116 DE XEITO XERAL.

PROGRAMACIÓN LATÍN. IES PLURILINGÜE DE AMES.
CURSO 2021-22

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación ²
		recoñecendo as súas características.	faladas no mundo e recoñece as súas características.				
d g e p h	B1.4. Orixe, evolución e etapas do latín. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	B1.5. Distinguir as principais etapas na evolución do latín e recoñecer e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	LA1B1.5.1. Distingue e delimita as etapas do latín, recoñece e distingue a partir do étimo latino cultismos, semicultismos e termos patrimoniais, e explica as evolucións que se producen nun caso e no outro.	CCL CAA CMCCT	1ª,2ª,3ª av	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
			LA1B1.5.2. Coñece exemplos de termos latinos que deron orixe tanto a unha palabra patrimonial como a un cultismo, e sinala as diferenzas de uso e significado entre ambos.	CCL	1ª,2ª,3ª av	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
			LA1B1.5.3. Demostra a presenza do latín no século XXI en campos como a ciencia, a cultura, a publicidade, os medios de comunicación, internet e as redes sociais.	CMCCT CD CCEC	1ª,2ª,3ª av	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
d p n	B1.5. Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.	B1.6. Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética, e recoñecer os procesos de evolución semántica do latín ao galego e ao castelán partindo dos étimos latinos.	LA1B1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica.	CCL CAA	1ª,2ª,3ª av	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
Bloque 2. Sistema de lingua latina: elementos básicos							
g	B2.1. Orixes da escritura. Sistemas de escritura.	B2.1. Recoñecer sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto.	LAT1B2.1.1. Recoñece tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función, e	CD CCEC	1ª aval	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos

PROGRAMACIÓN LATÍN. IES PLURILINGÜE DE AMES.
CURSO 2021-22

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación ²
			describe os trazos que distinguen uns dos outros.				(90%) Exame
g	B2.2. Orixe e evolución do alfabeto latino.	B2.2. Distinguir as fases da evolución do alfabeto latino, desde a súa orixe ata o alfabeto da época clásica.	LAT1B2.2.1. Explica a orixe do alfabeto latino, e a evolución e a adaptación dos signos do alfabeto grego.	CAA CMCCT	1ª aval	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
g	B2.2. Orixe e evolución do alfabeto latino.	B2.3. Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas.	LAT1B2.3.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do alfabeto latino, así como a súa evolución, sinala as adaptacións que se producen en cada unha e reconece os tipos de alfabeto usados actualmente en Europa, en relación coas linguas que os empregan.	CSC CCL CCEC	1ª aval	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
e	B2.3. Pronuncia do latín: tipos.	B2.4. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas da pronuncia en latín e distinguir os seus tipos.	LAT1B2.4.1. Le con pronuncia e acentuación correctas textos latinos, identificando e reproducindo exemplos de diferentes tipos de pronuncia.	CCL	1ª,2ª,3ª av	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
Bloque 3. Morfoloxía							
d	B3.1. Formantes das palabras.	B3.1. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras.	LA1B3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.	CMCCT CCL	1ª,2ª,3ª av	100%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
g	B3.2. Tipos de palabras: variables e invariables.	B3.2. Distinguir os tipos de palabras a partir do seu enunciado.	LA1B3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.	CAA CCL	1ª,2ª,3ª av	100%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame

PROGRAMACIÓN LATÍN. IES PLURILINGÜE DE AMES.
CURSO 2021-22

Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación ²
il	B3.3. Concepto de declinación e conxugación.	B3.3. Comprender o concepto de declinación e conxugación.	LA1B3.3.1. Declina e/ou conxuga correctamente palabras propostas segundo a súa categoría, explicando e ilustrando con exemplos as características que diferencian os conceptos de declinación e conxugación	CAA CCL CD	1ª,2ª,3ª av	100%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
gd	B3.4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes.	B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente.	LA1B3.4.1. Enuncia e declina correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoos segundo a súa categoría e a súa declinación.	CCL	1ª,2ª,3ª av	100%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
			LA1B3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.	CCL	1ª,2ª,3ª av	100%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
dg	B3.5. Flexión verbal.	B3.5. Coñecer as conxugacións, encadrar os verbos dentro da súa conxugación, enuncialos e conxugalos correctamente.	LA1B3.5.1. Clasifica verbos segundo a súa conxugación partindo do seu enunciado e describe os trazos polos que se recoñecen os modelos de flexión verbal.	CAA CCL	1ª,2ª,3ª av	100%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
			LA1B3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación.	CCL	1ª,2ª,3ª av	100%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
			LA1B3.5.3. Conxuga os tempos verbais máis	CCL	3ª av	100%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado

PROGRAMACIÓN LATÍN. IES PLURILINGÜE DE AMES.
CURSO 2021-22

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación ²
			frecuentes en voz activa e pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes.				Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
I d	B3.5. Flexión verbal.	B3.6. Analizar o funcionamento dos temas verbais latinos de presente e de perfecto, e recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir deles, tanto en voz activa como en voz pasiva.	LA1B3.6.1. Explica o uso dos temas verbais latinos, identificando correctamente as formas derivadas de cada un.	CAA CCL	2ª,3ª av	100%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
			LA1B3.6.2. Cambia de voz as formas verbais identificando e manexando con seguridade os formantes que expresan este accidente verbal.	CD CCL	3ª av	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
g	B3.5. Flexión verbal.	B3.7. Diferenciar formas persoais e non persoais do verbo, e recoñecer as categorías gramaticais presentes en cada unha.	LA1B3.7.1. Distingue formas persoais e non persoais dos verbos, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.	CAA CCL	3ª av	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
e d p	B3.5. Flexión verbal.	B3.8. Traducir ao galego e ao castelán as formas verbais latinas, e comparar os sistemas verbais.	LA1B3.8.1. Traduce correctamente ao galego e ao castelán formas verbais latinas, e compara os tempos e os modos verbais presentes no latín cos do galego e os do castelán.	CCL CAA	1ª,2ª,3ª av	100%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
Bloque 4. Sintaxe							
i	B4.1. Elementos da oración.	B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.	LA1B4.1.1. Analiza morfoloxicamente e sintacticamente frases e textos de dificultade graduada, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións que realizan na oración.	CMCCT CCL	1ª,2ª,3ª av	100%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame

PROGRAMACIÓN LATÍN. IES PLURILINGÜE DE AMES.
CURSO 2021-22

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación ²
e	B4.2. Casos latinos.	B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos, identificar as principais funcións que realizan na oración e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente.	LA1B4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, explica as súas funcións dentro da oración e ilustra con exemplos a forma axeitada de traducilos.	CAA CCL	1ª,2ª,3ª av	100%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
g	B4.3. Concordancia.	B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán.	LA1B4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	CCL	1ª,2ª,3ª av	100%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
d	B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas.	B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.	LA1B4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica e explica en cada caso as súas características.	CMCCT CCL	1ª,2ª,3ª av	100%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
g	B4.5. Oración composta: coordinación e subordinación.	B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas.	LA1B4.5.1. Distingue as oracións simples das compostas e, dentro destas últimas, as coordinadas das subordinadas, os seus tipos e os nexos que as caracterizan, e sinala exemplos que expliquen en cada caso as súas características.	CAA CCL	2ª,3ª av	100%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
e	B4.6. Construcións de infinitivo e de participio.	B4.6. Coñecer as funcións das formas non persoais nas oracións: infinitivo e participio.	LA1B4.6.1. Identifica as funcións que realizan as formas non persoais (infinitivo e participio) dentro da oración e compara exemplos do seu uso.	CAA CCL	2ª,3ª av	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
e	B4.6. Construcións de infinitivo e de participio.	B4.7. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes.	LA1B4.7.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo e participio máis frecuentes, en relación con construcións	CCL	2ª,3ª av	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame

PROGRAMACIÓN LATÍN. IES PLURILINGÜE DE AMES.
CURSO 2021-22

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación ²
			análogas noutras linguas que coñece.				
Bloque 5. Roma: historia, cultura, arte e civilización							
a i l g p	B5.1. Períodos da historia de Roma.	B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos.	LA1B5.1.1. Describe o marco histórico en que xorde e se desenvolve a civilización romana, sinala períodos dentro del e identifica en cada un as conexións máis importantes que presentan con outras civilizacións	CCEC CCL CSC	1ª,2ª,3ª av	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
			LA1B5.1.2. Distingue as etapas da historia de Roma, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.	CSC CSIEE CCEC	1ª,2ª,3ª av	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
			LA1B5.1.3. Sabe enmarcar determinados feitos históricos na civilización e no período histórico correspondente, ponos en contexto e relaciónaos con outras circunstancias contemporáneas.	CAA CSC	1ª,2ª,3ª av	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
			LA1B5.1.4. Pode elaborar eixes cronolóxicos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información	CD CMCCT	1ª,2ª,3ª av	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
			LA1B5.1.5. Describe os principais fitos históricos e os aspectos máis significativos da civilización latina, e analiza a súa influencia no devir histórico posterior.	CSC CSIEE CCL	1ª,2ª,3ª av	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame

PROGRAMACIÓN LATÍN. IES PLURILINGÜE DE AMES.
CURSO 2021-22

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación ²
h a p	B5.2. Romanización de Hispania e da Gallaecia.	B5.2. Coñecer os feitos históricos principais da romanización de Hispania e da Gallaecia, e realizar eixes cronolóxicos.	LA1B5.2.1. Explica a romanización de Hispania e da Gallaecia, describe as súas causas e delimita as súas fases.	CMCCT CCL CSC CCEE	2ª,3ª av	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
			LA1B5.2.2. Enumera, explica e ilustra con exemplos os aspectos fundamentais que caracterizan o proceso da romanización de Hispania e da Gallaecia, e sinala a súa influencia na historia posterior.	CSC CD CCL	2ª,3ª av	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
n p	B5.2. Romanización de Hispania e da Gallaecia.	B5.3. Recoñecer as pegadas da romanización nos principais depósitos arqueolóxicos e museos.	LA1B5.3.1. Identifica e sinala nun mapa os restos arqueolóxicos máis salientables da romanización de Hispania e da Gallaecia, e descobre e relaciona as pezas arqueolóxicas romanas dos museos cos coñecementos adquiridos.	CAA CMCCT CD CCEE CD	2ª,3ª av	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
a c	B5.3. Organización política e social de Roma.	B5.4. Coñecer a organización política e social de Roma e recoñecer o seu mantemento actual.	LA1B5.4.1. Describe os elementos que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.	CSIEE CSC	1ª 2ª,3ª av	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
			LA1B5.4.2. Describe a organización e a evolución da sociedade romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos existentes na época e comparándoos cos actuais.	CSIEE CD CSC CCL	1ª 2ª,3ª av	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame

PROGRAMACIÓN LATÍN. IES PLURILINGÜE DE AMES.
CURSO 2021-22

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación ²
n	B5.4. Mitoloxía e relixión. Ritos funerarios.	B5.5. Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina.	LA1B5.5.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o ámbito de influencia, explica a súa xenealoxía e establece relacións entre os deuses.	CCEC CD	1ª 2ª,3ª av	100%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
			LA1B5.5.2 Identifica deuses, semideuses e heroes dentro do imaxinario mítico, e explica os principais aspectos que diferencian uns dos outros.	CCEC CD CCL	1ª 2ª,3ª av	100%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
n h p	B5.4. Mitoloxía e relixión. Ritos funerarios.	B5.6. Coñecer os deuses, os mitos, os heroes e as lendas latinas principais, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.	LA1B5.6.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno, sinalando as semellanzas e as principais diferenzas entre ambos tratamentos, e asociándoas a outros trazos culturais propios de cada época.	CCEC CCL CSC CSIEE	1ª 2ª,3ª av	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
			LA1B5.6.2. Sinala semellanzas e diferenzas entre os mitos e as lendas da antigüidade clásica e os pertencentes a outras culturas, comparando o seu tratamento na literatura ou na tradición relixiosa, e valorando a súa influencia na arte e na literatura posterior a través de exemplos.	CAA CCEC CCL	1ª 2ª,3ª av	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame

PROGRAMACIÓN LATÍN. IES PLURILINGÜE DE AMES.
CURSO 2021-22

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación ²
n	B5.4. Mitoloxía e relixión. Ritos funerarios.	B5.7. Coñecer e comparar coas actuais as características da relixiosidade e da relixión latinas, os cultos privados e os ritos funerarios.	LA1B5.7.1. Distingue a relixión oficial de Roma dos cultos privados, explicando os trazos que lles son propios, e describe as principais características dos ritos funerarios romanos, distinguindo as semellanzas e as diferenzas que presentan cos de hoxe en día.	CSC CMCCT CCL CCEC	1ª 2ª,3ª av	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
n	B5.5. Arte romana.	B5.8. Coñecer as características fundamentais da arte romana e describir algunhas das súas manifestacións máis importantes.	LA1B5.8.1. Describe as principais manifestacións escultóricas e pictóricas da arte romana, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a súa cronoloxía aproximada.	CCEC CD	1ª 2ª,3ª av	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
i d p	B5.6. Obras públicas e urbanismo.	B5.9. Identificar os trazos máis destacados das edificacións públicas e do urbanismo romano, e sinalar a súa presenza dentro do patrimonio histórico de España e Europa.	LA1B5.9.1. Describe as características, os principais elementos e a función das grandes obras públicas romanas, explicando e ilustrando con exemplos a súa importancia para o desenvolvemento do Imperio e a súa influencia en modelos urbanísticos posteriores.	CD CSC CMCCT C	1ª 2ª,3ª av	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
			LA1B5.9.2. Localiza nun mapa os principais exemplos de edificacións públicas romanas que forman parte do patrimonio español e europeo, identificando a partir de elementos concretos o seu estilo e a cronoloxía aproximada.	CMCCT CD CAA	1ª 2ª,3ª av	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
a	B5.7. O exército.	B5.10. Describir a estrutura e o	LA1B5.10.1. Enumera os elementos que	CSC CMCCT	1ª 2ª,3ª av	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado

PROGRAMACIÓN LATÍN. IES PLURILINGÜE DE AMES.
CURSO 2021-22

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación ²
		funcionamento do exército romano, e distinguir as etapas na súa evolución.	compoñen a estrutura do exército romano e explica o seu funcionamento, atendendo á súa evolución ao longo dos períodos históricos				Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
Bloque 6. Textos							
e	B6.1. Análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica.	B6.1. Coñecer e aplicar os coñecementos fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina para a interpretación, a tradución e a retroversión de textos de dificultade progresiva.	LA1B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica de textos de dificultade graduada, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.	CCL CAA	1ª 2ª,3ª av	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
d p	B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.	B6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias.	LA1B6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de xeito global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.	CAA CCL	1ª 2ª,3ª av	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
d i	B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución.	B6.3. Utilizar correctamente manuais e dicionarios, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan.	LA1B6.3.1. Utiliza correctamente o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical incluída nos seus manuais e nas súas entradas, e localiza o significado de palabras que entrañen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto.	CAA CCL	1ª 2ª,3ª av	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
d e	B6.4. Lectura comprensiva e comentario de textos latinos	B6.4. Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o	LA1B6.4.1. Realiza comentarios sobre os principais trazos dos textos seleccionados	CSC CCEC CAA	1ª 2ª,3ª av	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado

PROGRAMACIÓN LATÍN. IES PLURILINGÜE DE AMES.
CURSO 2021-22

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación ²
	orixinais, adaptados ou traducidos. B6.5. Lectura comparada e comentario de textos en lingua latina e lingua propia.	comentario do contido e da estrutura de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.	e sobre os aspectos culturais presentes neles, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.				Procedementos (90%) Exame
			LA1B6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.	CMCCT CCL	1ª 2ª,3ª av	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
i	B6.6. Produción de pequenos textos en lingua latina.	B6.5. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia.	LA1B6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.	CCL	1ª 2ª,3ª av	50%	Instrumentos Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos Rúbrica
i	B6.6. Produción de pequenos textos en lingua latina.	B6.6. Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva.	LA1B6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.	CCL	1ª 2ª,3ª av	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Procedementos (90%) Exercicios na aula
Bloque 7. Léxico							
e	B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.	B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.	LA1B7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados partindo do contexto ou de palabras da lingua propia ou doutras que coñece.	CAA CCL	1ª 2ª,3ª av	100%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
			LA1B7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.	CD CCL	1ª 2ª,3ª av	100%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
d p	B7.2. Composición e derivación culta. Lexemas, prefixos e sufixos.	B7.2. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta.	LA1B7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.	CMCCT CCL	1ª 2ª,3ª av	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame

PROGRAMACIÓN LATÍN. IES PLURILINGÜE DE AMES.
CURSO 2021-22

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación ²
d p	B7.3. Mantemento de elementos lingüísticos latinos.	B7.3. Establecer mediante mecanismos de inferencia as relacións existentes entre determinados étimos latinos e os derivados en linguas romances.	LAT1B7.3.1. Deduce o significado das palabras das linguas de España a partir dos étimos latinos.	CAA CCL	1ª 2ª,3ª av	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
e p	B7.3. Mantemento de elementos lingüísticos latinos.	B7.4. Identificar e explicar os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes.	LA1B7.4.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado.	CCL	1ª 2ª,3ª av	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
			LA1B7.4.2. Relaciona palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.	CAA CD CCL	1ª 2ª,3ª av	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
g e	B7.4. Locucións latinas de uso actual.	B7.5. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.	LA1B7.5.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto adecuado cando se expresa na súa propia lingua.	CCL CCL	1ª 2ª,3ª av	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame

8. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Utilizarase unha metodoloxía mixta: indutiva e dedutiva.

A indutiva serve para motivar a participación dos alumnos mediante o uso de pequenos debates nos que se tentará detectar as ideas previas, preconcepcións ou esquemas alternativos do alumno como produto da súa experiencia diaria e persoal e os coñecementos previos

O método dedutivo favorece a actividade mental como complemento ao proceso de aprendizaxe indutivo. Para iso presentárase cada idea, concepto ou feito da forma máis sinxela posible.

O profesor guía este proceso con actividades nas que é necesario consultar diversas fontes de información, e ademais, debe fomentar o rigor no uso da linguaxe.

En todas as actividades é convinte reflexionar sobre o realizado, recompilar o que se aprendeu, analizar o avance en relación coas ideas previas (punto de partida) e facilitar ao

alumno a reflexión sobre habilidades de coñecemento, procesos cognitivos, control e planificación da propia actuación, a toma de decisións e a comprobación de resultados.

O alumnado ten que construír criterios sobre as propias habilidades e competencias en campos específicos do coñecemento e do seu quefacer como estudante.

Empregaranse diferentes mecanismos segundo o resultado de aprendizaxe a lograr, o estilo de aprendizaxe do alumno ou as condicións materiais

NOTA BENE: As clases e todo o proceso de ensino-aprendizaxe non sufrirá ningún cambio a pesar de que teñan que realizarse en formato de videoconferencia na plataforma webex tanto para o caso de ensino semipresencial coma non presencial.

Metodoloxía	Descrición	Exemplo de actividade
1. Clases teóricas.	Exposición da teoría polo profesor e o alumno toma apuntamentos (lección maxistral), ou ben participa ante preguntas do profesor	Aprendizaxe baseada en aplicación de casos ou discusións propiciadas polo profesor
2. Clases prácticas.	Clases onde o alumno debe aplicar contidos aprendidos na teoría.	
a) Clases de tradución e exercicios.	O alumno resolve unha tradución ou toma decisións facendo uso dos coñecementos aprendidos na teoría.	Tradución de textos ou resolución de exercicios.
b) Prácticas de investigación	O alumno realiza unha investigación facendo uso dos coñecementos aprendidos na teoría.	Exercicio de investigación, procura de exemplos de tradición clásica ou prácticas informáticas...
3. Talleres, conferencias.	Reflexión e/ou profundización de contidos xa traballados polo alumno con anterioridade (teóricos e/ou prácticos).	Cinefórum, teatro, taller de lectura, talleres de cultura clásica, ciclos de conferencias...
4. Ensinanza no presencial.	O alumno aprende novos contidos pola súa conta, a partir de orientacións do profesor ou por parte de material didáctico deseñado para o efecto.	Aprendizaxe autónoma, autoaprendizaxe, estudo dirixido, tutoriais, traballo virtual en rede...
5. Titoría.	Traballo personalizado cun alumno ou grupo. É un recurso docente para seguir un programa de aprendizaxe complementaria ao traballo presencial (orientar e ampliar o traballo autónomo e avaliar o traballo).	Enseño por proxectos, supervisión de grupos de traballo.

9. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

En Latín I de 1º Bacharelato utilizarase como libro de texto:

Hans Orberg, **LINGVA LATINA PER SE ILLVSTRATA**, PARS I **FAMILIA ROMANA**

Asemade, complementarase o uso do libro de texto con materiais variados elaborados polo profesor, e do mesmo xeito, textos e exercicios obtidos de diferentes manuais e da rede, especialmente, e en caso de existir alumnado de especial rendemento, o libro

Hans Orberg, PARS II **ROMA AETERNA** e asemade:

- **LATINE DISCO I** e **DISCO II** para proporcionar información sobre as nocións clave

que se poden observar en cada capítulo de **FAMILIA ROMANA** e **ROMA AETERNA** - **EXERCITIA LATINA I e II**, que recolle mais de 400 exercicios adicionais
-Do mesmo xeito, o profesor facilitará ao alumnado exemplares suficientes do Dicionario Latín-Español da Editorial Vox, para a práctica de tradución tanto na clase como na casa. Recomendarase, non obstante, que o alumnado que o desexe proceda á súa adquisición con vistas ao traballo necesario co mesmo en Latín II.

10. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

AVALIACIÓN DOS CONTIDOS DIDÁCTICOS

Avaliaranse utilizando os seguintes procedementos:

- 1- Realización de 2 **probos escritos** ao longo do trimestre.
- 2- Recollida de datos do **traballo na aula e persoal** do alumno (caderno, tarefas).

Instrumentos de avaliación		Ponderación de cualificación
1. Realización de probas obxectivas	Non teñen que ser de contido e valor simétrico na súa valoración.	90%
2. Realización de tarefas ou actividades na aula e na casa	Expostas como apuntes, exercicios, análises, respostas a preguntas e recollidas no caderno de clase, así como traballos académicos de realización en casa e/ou en aula.	10 %

A) Criterios de corrección de probas escritas obxectivas: en todas as **probos obxectivas** observaranse os seguintes aspectos:

- En cada pregunta figurará a **puntuación máxima** asignada á mesma.
- Valorarase a **correcta utilización de conceptos, definicións** e propiedades relacionados coa natureza da situación que se trata de resolver.
- Valoraranse, de ser precisas, as **xustificacións teóricas** que se acheguen para o desenvolvemento das respostas. A non xustificación, ausencia de explicacións ou explicacións incompletas ou semicompletas serán penalizadas ata un 50 % da cualificación máxima atribuída á pregunta ou epígrafe.
- Do mesmo xeito, se o alumno falla 1 item dunha declinación ou da conxugación dun tempo, se lle restará un 25% da cualificación atribuída ao epígrafe. Se falla 2, o 50%. Se falla máis de dous, a pregunta considerarase nula e terá cualificación nula.
- Valorarase a **claridade e coherencia** na exposición..
- Valorarase a **precisión na tradución e nos significados** das palabras.

- Deberán figurar as **análises morfolóxicas e sintácticas** cando se pidan, de modo que poida reconstruírse a argumentación lóxica e a tradución do alumno.

Valoración:

✚ **Exames de contidos teóricos:**

10% expresión e ortografía; 90% contidos

No apartado de contidos ten que acadarse a nota mínima dun 35% para que sumen as porcentaxes de presentación e ortografía e redacción.

✚ Exames ou partes de exame de contidos prácticos lingüísticos e gramaticais: **Descontarase por cada erro de carácter gramatical, sintáctico ou léxico un cuarto da nota da pregunta, se son contidos básicos.** Así, se o alumno falla 1 item dunha declinación ou da conxugación dun tempo, se lle restará un 25% da cualificación atribuída ao epígrafe. Se falla 2, o 50%. Se falla máis de dous, a pregunta considerarase nula e terá cualificación nula

✚ **Descontarase por erros de carácter menor un 0,25 ata o máximo do que valga o exercicio.**

✚ Non se descontará por erros repetidos ou similares, tanto no mesmo exercicio como no resto dos exercicios do exame. Non se descontará se o erro aparece subsanado noutros exercicios do exame. Para os aspectos non incluídos neste apartado se aplicará, ademáis, a rúbrica de avaliación de tradución abaixo indicada.

A copia dun exame suporá unha cualificación de 0 puntos no mesmo.

B) Criterios de corrección do traballo e actividades na aula e na casa do alumno

- Os traballos e actividades estarán realizados de forma **completa** e **non** poderán estar **copiados**.
- A **presentación dos traballos** e actividades deberá axustarse ás condicións prescritas na aula.
- A **calidade** dos traballos e actividades presentados, as **respostas elaboradas**, a boa redacción, o traballo de **reflexión**, a recompilación de datos, a calidade da exposición.
- **Por cada día de retraso na entrega do traballo, penalizarase a nota do mesmo en 0,10 puntos.**

Valoración dos traballos:

10% expresión e ortografía; 90% contidos. As faltas ortográficas e gramaticais penalizaráanse do conxunto da nota do exame ata un máximo de 2 puntos.

Descontarase 0.1 punto por cada falta de ortografía non repetida e por cada erro no léxico, e 0.1 por cada dous erros non repetidos no uso do acento gráfico (acentos que faltan ou que sobran).

Os erros marcaranse no traballo (rodeados con círculos); o número de faltas/erros e acentos, e os descontos practicados estarán marcados claramente no apartado “observacións”.

No apartado de contidos ten que acadarse a nota mínima dun 35% para que sumen as porcentaxes de presentación e ortografía e redacción.

NOTA DA AVALIACIÓN:

A nota de avaliación obterase do seguinte modo:

Traballo na aula e/ou na casa: 10% (resultado da media obtida tras tras a suma e media ponderada das diferentes cualificacións nos traballos de aula/e/ou na casa)

Probas escritas: 90% (resultado da media tras avaliar cada proba obxectiva escrita)

Todos as probas posuirán como mínimo 2 partes diferenciadas, marcadas polo currículo da materia Latín I:

Contidos gramaticais e de léxico e tradución. (entre 6 e 8 puntos)

Contidos culturais (entre 2 e 4 puntos)

IMPORTANTE: É IMPRESCINDIBLE OBTEN NA PARTE DE CONTIDOS GRAMATICAIS E TRADUCIÓN UN MÍNIMO DE 2 PUNTOS PARA QUE CALQUERA EXAME DE LATÍN I SEXA VÁLIDO PARA MEDIA DE AVALIACIÓN OU SUPERACIÓN DA MATERIA TANTO DE XEITO ORDINARIO COMA EXTRAORDINARIO.

A nota media total será a obtida tras sumarse a nota media obtida dos traballos (máximo 1 punto) á nota media obtida nas probas escritas de avaliación (2 por avaliación), dando como resultado a nota final de avaliación.

Para obter a nota final por avaliación da materia aplicarase REDONDEO Á ALZA DE 0'5 CANDO O ALUMNO ACADE UNA NOTA IGUAL OU SUPERIOR AO '05. A cualificación necesaria para aprobar a materia será de 5 puntos.

NOTA FINAL DE LATÍN I: A nota final dos alumnos será o resultado da media das tres avaliacións, sendo *conditio sine qua non* para a realización da media, ter aprobada a 3ª avaliación. Dado que a materia é de avaliación continua e de contidos inclusivos, a 3ª avaliación fará unha media ponderada do dobre que as dúas primeiras avaliacións.

RECUPERACIÓN: Como criterio xeral de recuperación, farase de cada proba obxectiva a súa correspondente recuperación.

Todo alumno poderá presentarse de xeito voluntario a calquera proba de recuperación para subir nota.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN E MECANISMOS DE RECUPERACIÓN

A cualificación final da materia virá dada polo progreso de aprendizaxe do alumno. Dado que os contidos son inclusivos, o alumno terá que ter **aprobada a 3ª avaliación para acadar a recuperación plena da materia**

A cualificación necesaria para aprobar a materia será de **5 puntos**. No caso de non acadar esta puntuación tras realizar a recuperación da proba da terceira avaliación, o alumnado poderá presentarse á proba de recuperación xeral da materia que se realizará no marco da **proba final ordinaria** da materia consistente nunha **proba escrita a inicios de xuño**.

De non aprobar a 3ª avaliación de ningún xeito, o alumno deberá acudir **á recuperación do total da materia no eido lingüístico-gramatical**, ao tratarse de contidos inclusivos de lingua latina, na proba final ordinaria de xuño de Latín I. No ámbito de contidos teóricos culturais (Historia de Roma, Cultura Romana) e de léxico e etimoloxía, o alumnado só deberá examinarse no exame final ordinario de xuño da parte suspensa en outras avaliacións, que quedará sempre explicitada en cada proba que o alumno realice. **Sempre será obxecto de avaliación plena a parte de tradución e gramática.**

RECUPERACIÓN DE PROBAS: Farase de cada unha das dúas probas obxectivas de avaliación a súa correspondente recuperación nun exame de recuperación antes de cada avaliación, dividido en dúas partes, correspondentes cada unha a súa proba obxectiva. Se o resultado da media das dúas probas é superior a 5, o alumno non terá que acudir á recuperación da avaliación. Se un alumno obtén nunha das probas unha nota inferior a un 3, deberá recuperar esa parte de xeito obrigatorio.

Todos as probas posuirán como mínimo 2 partes diferenciadas, marcadas polo currículo da materia Latín I:

- ✚ Contidos gramaticais e de léxico e tradución. (entre 6 e 8 puntos)
- ✚ Contidos culturais (entre 2 e 4 puntos)

IMPORTANTE: É IMPRESCINDIBLE OBTENIR NA PARTE DE CONTIDOS GRAMATICAIS E TRADUCIÓN UN MÍNIMO DE 2 PUNTOS PARA QUE CALQUERA EXAME DE LATÍN I SEJA VÁLIDO PARA MEDIA DE

AVALIACIÓN OU SUPERACIÓN DA MATERIA TANTO DE XEITO ORDINARIO COMA EXTRAORDINARIO.

RECUPERACIÓN DE AVALIACIÓN S SUSPENSAS

Do mesmo xeito, o alumnado que suspenda unha avaliación poderá recuperala nunha proba obxectiva de recuperación ao inicio da seguinte avaliación. De aprobar a avaliación, a nota da avaliación anterior será o resultado desa proba obxectiva, co que se lle calculará a nota final do curso segundo a media ponderada exposta anteriormente.



Se o alumno suspende a terceira avaliación, terá asemade unha recuperación da mesma anterior á proba final ordinaria. Se o alumno non obtén un 5 na nota final da media ponderada das avaliacións, deberá acudir á proba de recuperación final da materia, que terá lugar dentro da proba final de avaliación ordinaria, a finais de maio ou inicios de xuño, segundo o fixe a xefatura de estudos.

RECUPERACIÓN FINAL DA MATERIA. PROBA FINAL ORDINARIA

A cualificación necesaria para aprobar a materia será de **5 puntos**. No caso de non acadar esta puntuación, o alumnado poderá presentarse á proba de recuperación final que se realizará no marco da **proba final ordinaria** da materia consistente nunha **proba escrita a inicios de xuño**.

Nesa proba, o alumno deberá realizar a recuperación do total da materia no eido lingüístico-gramatical e de tradución, ao tratarse de contidos inclusivos de lingua latina. No ámbito de contidos teóricos culturais (Historia de Roma, Cultura Romana) e de léxico e etimoloxía, o alumnado só deberá examinarse na recuperación final dentro do exame final ordinario de xuño da parte suspensa en outras avaliacións. **Sempre será obxecto de avaliación plena, por tanto, a parte de tradución e gramática.**

Todos as probas posuirán como mínimo 2 partes diferenciadas, marcadas polo currículo da materia Latín I:

-  Contidos gramaticais e de léxico e tradución. (entre 6 e 8 puntos)
-  Contidos culturais (entre 2 e 4 puntos)

É IMPRESCINDIBLE OBTER NA PARTE DE CONTIDOS GRAMATICAIS E TRADUCIÓN UN MÍNIMO DE 2 PUNTOS PARA QUE CALQUERA EXAME DE LATÍN I SEXA VÁLIDO PARA MEDIA DE AVALIACIÓN OU SUPERACIÓN DA MATERIA EN CALQUERA PROBA, TANTO TEÑA ESTA CARÁCTER XERAL, DE RECUPERACIÓN, E TANTO SEXA DE XEITO ORDINARIO COMA EXTRAORDINARIO.

RECUPERACIÓN FINAL EXTRAORDINARIA

A cualificación necesaria para aprobar a materia será de **5 puntos**. No caso de non acadar esta puntuación, o alumnado poderá presentarse a unha proba extraordinaria da materia consistente nunha proba escrita, que terá lugar a finais de xuño, coas mesmas características que a proba final ordinaria.

IMPORTANTE: É IMPRESCINDIBLE OBTEN NA PARTE DE CONTIDOS GRAMATICAIS E TRADUCIÓN UN MÍNIMO DE 2 PUNTOS PARA QUE CALQUERA EXAME DE LATÍN I SEXA VÁLIDO PARA MEDIA DE AVALIACIÓN OU SUPERACIÓN DA MATERIA TANTO DE XEITO ORDINARIO COMA EXTRAORDINARIO.

Para obter a nota final por avaliación da materia aplicarase **REDONDEO Á ALZA DE 0'5 CANDO O ALUMNO ACADE UNA NOTA IGUAL OU SUPERIOR AO '05**. A cualificación necesaria para aprobar a materia será de **5 puntos**.

RÚBRICAS DE AVALIACIÓN

As rúbricas de avaliación empregaranse para obter a nota de calificación. En cada rúbrica indícase o grao mínimo de consecución esixido para aprobar os contidos que se avalían.

Rúbrica para avaliar unha tradución:

Calificación	Descrición
5	Demostra total comprensión do texto. Todos os requirimentos da tarefa están incluídos na resposta.
4	Demostra considerable comprensión do texto. Os requirimentos da tarefa están incluídos na resposta.
3 Grao mínimo	Demostra comprensión parcial do texto. A maior parte dos requirimentos da tarefa están comprendidos na resposta.
2	Demostra pouca comprensión do texto. Moitos dos requirimentos da tarefa faltan na resposta.
1	Non comprende o texto.
0	Non responde. Non tentou facer a tarefa.

Rúbrica para avaliar os coñecementos lingüísticos e culturais:

Calificación	Descrición
5	Demostra total coñecemento dos contidos. Todos os requirimentos da tarefa están incluídos na resposta.
4	Demostra considerable coñecemento dos contidos. Os requirimentos da tarefa están incluídos na resposta.
3 Grao mínimo	Demostra coñecemento parcial dos contidos. A maior parte dos requirimentos da tarefa están comprendidos na resposta.

2	Demostra pouco coñecemento dos contidos. Moitos dos requirimentos da tarefa faltan na resposta.
1	Non coñece os contidos .
0	Non responde. Non tentou facer a tarefa.

Rúbrica de valoración dun traballo ou exposición:

Categoría	Bo 10	Grao mínimo 6	Suspenso
Ideas e contido	O escrito é claro, enfocado e interesante. Mantén a atención do lector. A historia enriquecese con anécdotas e detalles relevantes.	O escrito é claro e enfocado, pero o resultado pode non captar a atención. Hai un intento por sustentalo, pero é limitado, moi xeral ou fóra do alcance.	O escrito carece de pulso ou de propósito central. O lector vese forzado a facer inferencias baseándose en detalles moi incompletos
Organización	A organización resalta a idea central. A orde, a estrutura ou a presentación é a adecuada aos contidos e obxectivos	Erros na organización e estrutura dos contidos.	A organización está desarticulada. A escritura carece de ideas ou detalles. As ideas encadéanse unhas con outras atropelladamente
Elección de palabras	As palabras transmiten a mensaxe proposta en forma interesante, natural e precisa. A escritura é completa, rica e concisa.	A linguaxe é corrente, pero transmite a mensaxe. É funcional, aínda que carece de efectividade. O escritor decide por facilidade de manexo, producir unha especie de «documento xenérico», colmado de frases e palabras familiares	O escritor utiliza un vocabulario que busca a cegas as palabras que transmiten significado. A linguaxe é tan baleiro, abstracto ou tan reducido que é carente de detalles
Fluidez nas oracións	A escritura flúe facilmente e ten bo ritmo cando se le en voz alta. As oracións están ben construídas, son coherentes e a estrutura é variada e fai que ao delas sexan expresivas.	As oracións son máis mecánicas que fluídas. O texto carece de ritmo ou graza. Ocasionalmente as construcións son inadecuadas e fan lenta a lectura.	O escrito é difícil de entender ou ler en voz alta. As oracións tenden a ser cortadas, incompletas, inconexas, irregulares e bastas
Presentación	Boa comprensión dos estándares e convencións da escritura (utilización de maiúsculas, puntuación, ortografía ou construción de parágrafos). Os erros son moi poucos e de menor importancia.	Hai erros nas convencións para escribir, que aínda que non son demasiados, prexudican a facilidade de lectura. Aínda cando os erros non bloquean o significado, tenden a distraer	Hai numerosos e repetidos erros na utilización adecuada da linguaxe, na estrutura das oracións, na ortografía ou na puntuación, que fan que o texto sexa difícil de ler. A gravidade e frecuencia dos erros tende a ser tan notoria que o lector atopa moita dificultade para concentrarse na mensaxe e debe relelo para podelo entender.

Valoración do caderno do alumno

Categoría	Bo (Nota Máx)	Grao mínimo (6)	Suspense
Organización e presentación dos contidos	<ol style="list-style-type: none"> Os temas están separados e a estrutura dos mesmos é clara. Os exercicios están numerados e referenciados. A letra é clara e comprensible. Aplica correctamente as regras de ortografía e puntuación. As follas están numeradas. As follas están ordenadas. No caderno non hai borróns, está limpo e utiliza distintas cores para destacar. 	Polo menos tres dos ítems anteriores non se cumpren	Polo menos cinco dos ítems anteriores non se cumpren.
Contidos do caderno	<ol style="list-style-type: none"> Contén todos os exercicios, resumos, esquemas, debuxos e explicacións do profesor. Contén traballos opcionais. 	<ol style="list-style-type: none"> Fáltanlle algún dos exercicios, resumos, esquemas, debuxos e explicacións do profesor. 	<ol style="list-style-type: none"> Fáltanlle a maioría dos exercicios, resumos, esquemas, debuxos e explicacións do profesor.
Claridade e veracidade das explicacións do profesor	<ol style="list-style-type: none"> Recolle as explicacións do profesor con fidelidade e están expresadas con claridade. Realiza bastantes anotacións propias que lle axudan a estudar. 	<ol style="list-style-type: none"> Recolle as explicacións do profesor con algún erros . Realiza algunhas anotacións propias que lle axudarán a estudar. 	<ol style="list-style-type: none"> Recolle as explicacións do profesor con erros excesivos e graves. Non realiza anotacións propias
Existencia de sinais de autocorrección dos contidos do caderno	Todos os exercicios de tradución e análise do caderno mostran sinais visibles de ser corrixidos por medio de diferentes cores, marcas de supervisión, etc.	Alguns dos exercicios de tradución e análise do caderno non mostran sinais visibles de ser corrixidos por medio de diferentes cores, marcas de supervisión, etc.	A maioría dos exercicios de tradución e análise do caderno non mostran sinais visibles de ser corrixidos por medio de diferentes cores, marcas de supervisión, etc.
Existencia de sinais de revisión e procura de erros dos contidos do caderno	En todos os exercicios de tradución e análise realizados incorrectamente, o alumno localiza o erro cometido.	Nalguns dos exercicios de tradución e análise realizados incorrectamente, o alumno non localiza o erro cometido.	Na maioría dos exercicios de tradución e análise realizados incorrectamente, o alumno non localiza o erro cometido
Tarefas diarias	O alumno sempre trae as tarefas encomendadas polo profesor.	O alumno non trae algunhas veces as tarefas encomendadas.	O alumno non trae normalmente as tarefas encomendadas.

11. ORGANIZACIÓNS DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Existen tres mecanismos polos que se pode recuperar Latín I como materia pendente ao longo do curso:

Pto 1. Entrega puntual, conforme ás normas que se establezan no inicio de curso, dun dossier de actividades que se estruturará en dúas partes, unha primeira a entregar na primeira avaliación e unha segunda, na segunda avaliación. Se o dossier resulta de correcta resolución, o profesorado comprobará que, en efecto, as actividades foron realmente aproveitadas polo alumno ou alumna, De confirmarse unha valoración positiva, o alumno ou alumna superaría a materia de latín pendente,

Pto 2. Presentándose á proba que, formalmente e oficialmente, se convoque - posiblemente no mes de abril, por parte de xefatura de estudos- para a superación de Latín I como pendente. A estes efectos, a inicios de curso, o profesorado entregará ao alumnado unha lista cos contidos que formarán parte da proba e preparará con eles a devandita proba, de xeito voluntario.

Pto 3. De resultar valorado de forma negativa, o alumno ou alumna aínda tería a opción extraordinaria da proba final ordinaria de inicios de xuño, e asemade, da proba final extraordinaria de finais de xuño.

Nas **probax obxectivas de avaliación do alumnado con Latín I coma materia pendente** observaranse os mesmos aspectos que para calquera proba de Latín I.:

Valoración:

✚ Exames de contidos teóricos:

10% expresión y ortografía; 90% contidos

No apartado de contidos ten que acadarse a nota mínima dun 35% para que sumen as porcentaxes de presentación e ortografía e redacción.

✚ Exames ou partes de exame de contidos prácticos lingüísticos e gramaticais: **Descontarase por cada erro de carácter gramatical, sintáctico ou léxico un 0,25 se o alumno falla un ítem e a metade, se falla dous. (TERMINACIÓNS DECLINACIÓNS, TERMINACIÓNS VERBAIS, PRONOMES, SINTAXE BÁSICA) Descontarase por erros de carácter menor un 0,25 ata o máximo do que valga o exercicio.** Non se descontará por erros repetidos ou similares, tanto no mesmo exercicio como no resto dos exercicios do exame. Non se descontará se o erro aparece subsanado noutros exercicios do exame. Para os aspectos non incluídos neste apartado se aplicará, ademáis, a rúbrica de avaliación de tradución abaixo indicada.

A copia dun exame suporá unha cualificación de 0 puntos no mesmo.

C) Criterios de corrección do dossier para alumnado coa materia Latín I pendente:

- As actividades do dossier estarán realizados de forma **completa e non** poderán estar **copiadas**.
- A **presentación das** actividades deberá axustarse ás condicións prescritas na aula.
- A **calidade** dos traballos e actividades presentadas, as **respostas elaboradas resultas**, a boa redacción, o traballo de **reflexión**, a recompilación de datos, a calidade da exposición.
- **Por cada día de retraso na entrega do traballo, penalizarase a nota do mesmo en 0,10 puntos.**
- **O profesor resérvase o dereito de comprobar que o alumno realizou por si mesmo e con aproveitamento o devandito dossier. De ser así, o profesor cursará un informe que será enviado ao titor e a xefatura de estudos, tanto en sentido favorable coma non favorable.**

Valoración dos traballos:

10% expresión e ortografía; 90% contidos. As faltas ortográficas e gramaticais penalizaráanse do conxunto da nota do exame ata un máximo de 2 puntos.

Descontarase 0.1 punto por cada falta de ortografía non repetida e por cada erro no léxico, e 0.1 por cada dous erros non repetidos no uso do acento gráfico (acentos que faltan ou que sobran).

Os erros marcaranse no traballo/dossier (rodeados con círculos); o número de faltas/erros e acentos, e os descontos practicados estarán marcados claramente no apartado “observacións”.

No apartado de contidos ten que acadarse a nota mínima dun 35% para que sumen as porcentaxes de presentación e ortografía e redacción.

Para obter a nota final por avaliación da materia aplicarase **REDONDEO Á ALZA DE 0'5 CANDO O ALUMNO ACADE UNA NOTA IGUAL OU SUPERIOR AO '05**. A cualificación necesaria para aprobar a materia será de **5 puntos**.

- Grao mínimo de consecución DA MATERIA LATÍN I

Debido ao carácter progresivo da materia, a avaliación será continúa. Teranse en conta, fundamentalmente, os progresos na análise, tradución e comprensión de frases e textos breves de dificultade crecente. Para acadar o **nivel mínimo** esixido será necesario:

- Dominar a flexión nominal latina (substantivos e adxectivos)
- Dominar a flexión pronominal.
- Dominar a flexión verbal regular, a do verbo SUM e coñecer os principais verbos irregulares.
- Coñecer os elementos sintácticos fundamentais, as estrutura oracionais básicas e o valor dos casos.

- Recoñecer as oracións coordinadas e as subordinadas en textos breves e escollidos.
- Traducir correctamente textos latinos sinxelos e adaptados ao nivel da materia.
- Demostrar un coñecemento básico da historia e culturas romanas e da súa pegada na cultura occidental
- Coñecer o vocabulario latino básico e os latinismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado.

12. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADO

Coa finalidade de constatar os progresos que fai o alumnado realizarase con cada unidade didáctica un proceso de avaliación (escrito e / ou oral), que permitirá determinar o nivel de coñecementos previos do alumno, as dificultades e deficiencias que hai que subsanar e para comprobar, ao final do proceso, o nivel de éxito acadado no grao de consecución das competencias básicas e a asimilación dos estántadares de aprendizaxe.

Do mesmo xeito, procederáse á realizar unha avaliación inicial xeral coa única finalidade, ao tratarse de Bacharelato e por tanto, de ensino non obrigatorio, para obter información sobre a situación de cada alumno e alumna, e para detectar a presenza de erros conceptuais que actúen como obstáculos para a aprendizaxe posterior. Esta avaliación inicial xeral poderá realizarse formal ou informalmente, do xeito que o profesor considere máis axeitado para o conxunto do grupo e para cada alumno individual. Isto levará unha atención ás súas diferenzas e unha metodoloxía adecuada para cada caso e asemade, a adaptación xeral do proceso de ensino-aprendizaxe ás necesidades do alumnado. Esta avaliación inicial xeral constará, fundamentalmente, da realización de diferentes instrumentos de avaliación, fundamentalmente, na realización de de probas obxectivas, a observación continuada na aula, a revisión dos cadernos dos alumnos permitirán ir avaliando, de maneira continuada nos grupos menos numerosos todos os problemas e progresos do proceso educativo.

Asemade, o deseño da avaliación inicial está dirixido a detectar o alumnado que precisa da aplicación de medidas diversificadas, tanto a nivel individual como a nivel colectivo. Unha vez detectadas as necesidades educativas específicas, estableceranse as medidas apropiadas, entre as que se destacan:

- Atención individual
- Subministración de material de apoio na aula
- Ampliación de tempo na realización de probas
- Apoios en pequeno grupo
- Titorías durante os recreos
- Realización de tarefas en grupo

-Traballo selectivo con material de nivel inferior.

Estas medidas serán aplicadas no marco da metodoloxía descrita dentro desta programación.

.- MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

O alumnado das materias impartidas por este Departamento, materias optativas, posúe, como é lóxico e norma xeral, diferentes niveis, debido non só ás súas capacidades senón tamén ó ambiente sociocultural do seu entorno. Mais esta circunstancias, que serían habituais noutras materias, adquiren unha especial importancia no caso do Bacharelato, onde podemos atopar alumnado que non cursou as materias de Cultura Clásica ou Latín de 4º da ESO, fronte a outros alumnos con certo nivel, por teren seguido con anterioridade estas materias con normalidade e aproveitamento, en moitos casos, óptimo.

Partindo do principio de que a heteroxeneidade debe ser unha riqueza e non un impedimento, buscarase por parte do Departamento implementar diversas medidas de atención á diversidade con carácter integrador. Buscarase, partindo da programación didáctica, elaborar actividades variadas, fundamentalmente orais e escritas, para que o alumnado máis avanzado non perda a súa motivación e para que os de nivel menos desenvolto se sintan capaces de realizar as tarefas programadas e acadar os obxectivos xerais da materia. Cómpre adaptar as metodoloxías para atender as necesidades de todo o alumnado. Do mesmo xeito, as interaccións na aula deben estar enfocadas para crear, facilitar os intercambios entre os diferentes niveis, que non poden ser impermeables. O equipo docente favorecerá a cooperación e a solidariedade entre os alumnos e alumnas. O alumnado debe aprender a non facer xuízos negativos sobre a capacidade de comprensión e expresión dos seus compañeiros ou compañeiras. Será este, en particular, un aspecto no que o profesor do Departamento de Latín fará especial fincapé e seguimento.

Ao final de cada unidade didáctica de ensino-aprendizaxe, o equipo docente, consciente das dificultades de certos alumnos e alumnas facilitaralles actividades de reforzo ben seleccionadas, mentres que os de niveis máis avanzados fan exercicios que conlevan unha dificultade engadida.

Proporáanse medidas de reforzo mediante exercicios, lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para aqueles alumnos que teñan dificultades cos contidos da materia ou non poidan seguir o ritmo da clase.

Nun plano máis concreto, proporáanse medidas de reforzo mediante exercicios, lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para aqueles alumnos que teñan dificultades cos contidos da materia ou non poidan seguir o ritmo da clase.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE LATÍN

Materia: LATÍN

CURSO: 2º DE BACHARELATO

AÑO ACADÉMICO: 2020/21

ÍNDICE

1- CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN. INTRODUCCIÓN.	PAX.75
- CONCRECIÓN DA PROGRAMACIÓN	PAX. 75
6. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA ÁREA QUE FORMARÁN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.		
7. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE:		
- OBXECTIVOS E CONTIDOS DESENVOLVIDOS.		
- TEMPORALIZACIÓN.		
- GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.		
- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN .		
8- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS	PAX. 82
9-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	PAX. 83
10-CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO	PAX. 84
11. ORGANIZACIÓNS DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE LATÍN II COMA MATERIA PENDENTE	PAX. 89
-ANEXO. MODELO DE EXAME CIUG DE USO OBRIGATORIO PARA AS PROBAS OBXECTIVAS DE LATÍN II.	PAX. 92
12- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL	PAX. 91
- ATENCIÓN A DIVERSIDADE	PAX. 95
13-ORGANIZACIÓN DE PROCEDEMENTOS, DE SER O CASO, PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS PREVIOS (BACH)	PAX. 96

1. OBXECTIVOS E CONTEXTUALIZACIÓN

Remitimos ao inicio desta programación para a análise da contextualización xeral do centro na páxina 4.

As probas obxectivas de Latín II axustaranse á estrutura de exame e aos criterios de avaliación e cualificación que a CIUG estableza nas súas comunicacións oficiais, que seguirán, segundo se ten comunicado, as características e modelo de exame aprobado para o curso pasado .

- CONCRECIÓN DA PROGRAMACIÓN

TÁBOA con:

6. Relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis da área que formarán parte dos perfís competenciais.

7. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de:

- **Obxectivos e contidos desenvolvidos.**
- **Temporalización.**
- **Grao mínimo de consecución para superar a materia.**
- **Procedementos e instrumentos de avaliación**

PROGRAMACIÓN LATÍN 2º BACHARELATO. IES PLURILINGÜE DE AMES.
CURSO 2020-21

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación ³
Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances							
de p	B1.1. Mantemento de elementos lingüísticos latinos nas linguas modernas: palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	B1.1. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	LA2B1.1.1. Recoñece e distingue a partir do étimo latino termos patrimoniais, semicultismos e cultismos, e explica as evolucións que se producen nun e noutro caso.	CCL CAA CCEC	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
de p	B1.2. Evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.	B1.2. Coñecer e aplicar as regras da evolución fonética e recoñecer os procesos de evolución semántica do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos.	LA2B1.2.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica, valorando a relación co significado orixinal do étimo latino.	CCL CMCC T CCL CCEC	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
			LA2B1.2.2. Explica o proceso de evolución de termos latinos ás linguas romances, sinalando cambios fonéticos comúns a distintas linguas dunha mesma familia, e ilustralo con exemplos.	CD CCL CAA	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
Bloque 2. Morfoloxía							
i	B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares.	B2.1. Coñecer as categorías gramaticais.	LA2B2.1.1. Nomea e describe as categorías, e sinala os trazos que as distinguen.	CAA CCL	1ª,2ª,3ª	75%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Rúbrica de análise de traballo de aula-tradución e análise gramatical Procedementos (90%) Exame
d	B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas	B2.2. Coñecer, identificar e distinguir os	LA2B2.2.1. Identifica e distingue en	CMCC T CCL	1ª,2ª,3ª	75%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado

PROGRAMACIÓN LATÍN 2º BACHARELATO. IES PLURILINGÜE DE AMES.
CURSO 2020-21

	menos usuais e irregulares.	formantes das palabras.	palabras propostas os seus formantes, diferenciando lexemas e morfemas, e procurando exemplos noutros termos nos que estean presentes.				Procedementos (90%) Exame
d	B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares.	B2.3. Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto latino e enuncialas.	LA2B2.3.1. Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado.	CMCC T CCL	1ª,2ª,3ª	75%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
l d	B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares.	B2.4. Identificar, declinar e traducir todas as formas nominais e pronominais.	LA2B2.4.1. Identifica con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán.	CD CCL CAA	1ª,2ª,3ª	75%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
			LA2B2.4.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía nominal e pronominal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.	CCL CAA	1ª,2ª,3ª	75%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Cadernodo alumnado Rúbrica de análise de traballo de aula-tradución e análise gramatical Procedementos (90%) Exame
l d	B2.2. Morfoloxía verbal: verbos irregulares e defectivos. Formas nominais do verbo: xerundio, xerundivo e supino. Conxugación perifrástica.	B2.5. Identificar, conxugar, traducir e efectuar a retroversión de todas as formas verbais.	LA2B2.5.1. Identifica con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán	CD CAA CCL	1ª,2ª,3ª	75%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Rúbrica de análise de traballo de aula-tradución e análise gramatical Procedementos (90%) Exame
			LA2B2.5.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía verbal latina para realizar	CCL CAA CD	1ª,2ª,3ª	75%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Rúbrica de análise de traballo de aula-tradución e

³ NOTA BENE: A PONDERACIÓN DE TODOS OS INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN DE TODAS AS UNIDADES DIDÁCTICAS FIGURA TAMÉN EXPLICITADA NA PÁXINA 137 DE XEITO XERAL.

PROGRAMACIÓN LATÍN 2º BACHARELATO. IES PLURILINGÜE DE AMES.
CURSO 2020-21

			traducións e retroversións, axudándose do dicionario.				análise gramatical Procedementos (90%) Exame
Bloque 3. Sintaxe							
e	B3.1. Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal.	B3.1. Coñecer e aplicar os coñecementos da sintaxe nominal e pronominal para a tradución de textos latinos.	LA2B3.1.1. Utiliza axeitadamente a análise da sintaxe nominal e pronominal dun texto para efectuar correctamente a súa tradución.	CCL CAA	1ª,2ª,3ª	75%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Rúbrica de análise de traballo de aula-tradución e análise gramatical Procedementos (90%) Exame
e	B3.2. Tipos de oracións e construcións sintácticas.	B3.2. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas latinas.	LA2B3.2.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, e relaciónaaas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza.	CCL CAA	1ª,2ª,3ª	75%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Rúbrica de análise de traballo de aula-tradución e análise gramatical Procedementos (90%) Exame
e p	B3.2. Tipos de oracións e construcións sintácticas.	B3.3. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas en interpretación e tradución de textos latinos.	LA2B3.3.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e relaciónaos para traducilos cos seus equivalentes en galego e en castelán.	CCL CAA	1ª,2ª,3ª	75%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Rúbrica de análise de traballo de aula-tradución e análise gramatical Procedementos (90%) Exame
d	B3.3. Oración composta: coordinación e subordinación.	B3.4. Definir, comprender e recoñecer os diferentes tipos de oracións compostas coordinadas e subordinadas.	LA2B3.4.1. Define e comprende os conceptos de oración composta, coordinación e subordinación, sinala exemplos nos textos e recoñece os tipos de oracións compostas, tanto coordinadas como subordinadas, así como os nexos que as caracterizan.	CAA CCL	1ª,2ª,3ª	100%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Rúbrica de análise de traballo de aula-tradución e análise gramatical Procedementos (90%) Exame
e	B3.4. Construcións de infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino.	B3.5. Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo: infinitivo,	LA2B3.5.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas	CCL CAA	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Rúbrica de análise de traballo de aula-tradución e

PROGRAMACIÓN LATÍN 2º BACHARELATO. IES PLURILINGÜE DE AMES.
CURSO 2020-21

		participio, xerundio, xerundivo e supino.	correctamente e explica as súas funcións.				análise gramatical Procedementos (90%) Exame
Bloque 4. Literatura latina							
h	B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula.	B4.1. Enumerar os principais factores da transmisión da literatura latina ao longo dos períodos históricos, e describir os soportes da escritura na Antigüidade e a súa evolución.	LA2B4.1.1. Nomea os aspectos máis salientables referentes á transmisión dos textos clásicos ao longo do tempo.	CCEC CMCC T CCEC	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
n	B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula.	B4.2. Coñecer as características dos xéneros literarios latinos, os seus autores, as obras máis representativas e as súas influencias na literatura posterior.	LA2B4.2.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos.	CAA CCL CCEC	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
i g	B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula.	B4.3. Coñecer os fitos esenciais da literatura latina como base literaria da literatura e da cultura europea e occidental.	LA2B4.3.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura latina.	CMCC T CCEC	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
			LA2B4.3.2. Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas.	CD CCL	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
d	B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula.	B4.4. Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva, distinguindo xénero, época, características e estrutura, se a extensión da pasaxe o permite.	LA2B4.4.1. Realiza comentarios de textos latinos e sitúalos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen.	CCL CSC CCEC	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
n h p	B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica,	B4.5. Establecer relacións e paralelismos entre a	LA2B4.5.1. Analiza o diferente uso que se fixo dos textos	CSC CD CCL	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado

PROGRAMACIÓN LATÍN 2º BACHARELATO. IES PLURILINGÜE DE AMES.
CURSO 2020-21

	historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula.	literatura clásica e a posterior.	latinos, explorando o mantemento dos xéneros e os temas da literatura latina mediante exemplos da literatura contemporánea.				Procedementos (90%) Exame
			LA2B4.5.2. Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores/as contemporáneos/as, e sèrvese deles para comprender e explicar o mantemento dos xéneros e dos temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os tratamentos que reciben.	CSC CD CCL	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
Bloque 5. Textos							
e	B5.1. Tradución e interpretación de textos latinos.	B5.1. Realizar a tradución e interpretación de textos latinos orixinais.	LA2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución.	CCL CAA	1ª,2ª,3ª	75%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Rúbrica de análise de traballo de aula-tradución e análise gramatical Procedementos (90%) Exame
d	B5.1. Tradución e interpretación de textos latinos.	B5.2. Utilizar o dicionario, analizar e valorar correctamente a información gramatical que proporciona e procurar o termo máis acaído na lingua propia para a tradución do texto.	LA2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución do texto.	CD CAA CCL	1ª,2ª,3ª	100%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Rúbrica de análise de traballo de aula-tradución e análise gramatical Procedementos (90%) Exame
b	B5.2. Comentario e análise histórica, lingüística e	B5.3. Realizar comentarios	LA2B5.3.1. Aplica os coñecementos	CAA	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado

PROGRAMACIÓN LATÍN 2º BACHARELATO. IES PLURILINGÜE DE AMES.
CURSO 2020-21

	literaria de textos latinos orixinais.	lingüísticos, históricos e literarios de textos de autores latinos.	adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos.	CSC CCEC CCL			Caderno do alumnado Rúbrica de análise de traballo de aula-tradución e análise gramatical Procedementos (90%) Exame
a	B5.3. Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.	B5.4. Coñecer o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.	LA2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.	CSC CCEC CCL	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Rúbrica de análise de traballo de aula-tradución e análise gramatical Procedementos (90%) Exame
h	B5.4. Identificación das características formais dos textos.	B5.5. Identificar as características formais dos textos.	LA2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.	CCL CCEC	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Rúbrica de análise de traballo de aula-tradución e análise gramatical Procedementos (90%) Exame
Bloque 6. Léxico							
e p	B6.1. Ampliación de vocabulario básico latino: léxico literario, científico e filosófico.	B6.1. Coñecer, identificar e traducir termos latinos pertencentes ao vocabulario especializado: léxico literario, científico e filosófico.	LA2B6.1.1. Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e ao castelán.	CCL CMCC T CD	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Rúbrica de análise de traballo de aula-tradución e análise gramatical Procedementos (90%) Exame
d g p	B6.2. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua.	B6.2. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes.	LA2B6.2.1. Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto, ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras linguas que coñeza.	CAA CCL CD	1ª,2ª,3ª	75%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Rúbrica de análise de traballo de aula-tradución e análise gramatical Procedementos (90%) Exame
			LA2B6.2.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado do galego e do castelán.	CD CCL	1ª,2ª,3ª	75%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Rúbrica de análise de traballo de aula-tradución e análise gramatical Procedementos (90%) Exame

PROGRAMACIÓN LATÍN 2º BACHARELATO. IES PLURILINGÜE DE AMES.
CURSO 2020-21

h	B6.3. Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e á literaria.	B6.3. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.	LA2B6.3.1. Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica.	CMCC T CSC CD CCEC CCL	1ª,2ª,3ª	50%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame
d p	B6.4. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina e grega.	B6.4. Recoñecer a presenza de latinismos e helenismos na linguaxe científica e na fala culta, e deducir o seu significado a partir dos correspondentes termos latinos e gregos.	LA2B6.4.1. Recoñece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.	CCL CCEC	1ª,2ª,3ª	75%	Instrumentos (10%) Producción do alumnado Caderno do alumnado Procedementos (90%) Exame

8. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Utilizarase unha metodoloxía mixta: indutiva e dedutiva.

A indutiva serve para motivar a participación dos alumnos mediante o uso de pequenos debates nos que se tentará detectar as ideas previas, preconcepcións ou esquemas alternativos do alumno como produto da súa experiencia diaria e persoal e os coñecementos previos

O método dedutivo favorece a actividade mental como complemento ao proceso de aprendizaxe indutivo. Para iso presentárase cada idea, concepto ou feito da forma máis sinxela posible.

O profesor guía este proceso con actividades nas que é necesario consultar diversas fontes de información, e ademais, debe fomentar o rigor no uso da linguaxe.

En todas as actividades é convinte reflexionar sobre o realizado, recompilar o que se aprendeu, analizar o avance en relación coas ideas previas (punto de partida) e facilitar ao alumno a reflexión sobre habilidades de coñecemento, procesos cognitivos, control e planificación da propia actuación, a toma de decisións e a comprobación de resultados.

O alumnado ten que construír criterios sobre as propias habilidades e competencias en campos específicos do coñecemento e do seu quefacer como estudante.

Empregaranse diferentes mecanismos segundo o resultado de aprendizaxe a lograr, o estilo de aprendizaxe do alumno ou as condicións materiais

Metodoloxía	Descrición	Exemplo de actividade
1. Clases teóricas.	Exposición da teoría polo profesor e o alumno toma apuntamentos (lección maxistral), ou ben participa ante preguntas do profesor	Aprendizaxe baseada en aplicación de casos ou discusións propiciadas polo profesor
2. Clases prácticas.	Clases onde o alumno debe aplicar contidos aprendidos na teoría.	

a) Clases de tradución e exercicios.	O alumno resolve unha tradución ou toma decisións facendo uso dos coñecementos aprendidos na teoría.	Tradución de textos ou resolución de exercicios.
b) Prácticas de investigación	O alumno realiza unha investigación facendo uso dos coñecementos aprendidos na teoría.	Exercicio de investigación, procura de exemplos de tradición clásica ou prácticas informáticas...
3. Talleres, conferencias.	Reflexión e/ou profundización de contidos xa traballados polo alumno con anterioridade (teóricos e/ou prácticos).	Cinefórum, teatro, taller de lectura, talleres de cultura clásica, ciclos de conferencias...
4. Ensinanza non presencial.	O alumno aprende novos contidos pola súa conta, a partir de orientacións do profesor ou por parte de material didáctico deseñado para o efecto.	Aprendizaxe autónoma, autoaprendizaxe, estudio dirixido, tutoriais, traballo virtual en rede...
5. Titoría.	Traballo personalizado cun alumno ou grupo. Recurso docente apto para seguir un programa de aprendizaxe complementaria ao traballo presencial (orientar e ampliar o traballo autónomo e avaliar o traballo).	Ensino por proxectos, supervisión de grupos de traballo.

9. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Todos os materiais e recursos didácticos, bibliográficos, audiovisuais, en rede, que se empregarán neste curso aparecen recollidos no PLAN LECTOR

En 2º de Bacharelato se utilizará coma libro de texto obrigatorio:

- LINGVA LATINA PER SE ILLUSTRATA, PARS I FAMILIA ROMANA e PARS II ROMA AETERNA

Asemade, traballarase na aula e na aula virtual cos materiais elaborados polo profesor. En particular, proporcionarase ao alumnado edicións variadas dos autores obxecto de estudo para a ABAU, tanto en formato papel coma formato dixital e asemade, material en formato papel e dixital para o estudo dos contidos gramaticais, sintácticos, lingüísticos, léxicos, de latinismos, toponimia e literatura latina obxecto do curso de latín II.

Asemade, se complementará esta serie de materiais coa utilización de diferentes exercicios de gramática progresiva e textos de procedencia diversa obtidos de diferentes manuais, especialmente de:

- LATINE DISCO I e DISCO II, que proporciona información sobre as nocións clave que se poden observar en cada capítulo de FAMILIA ROMANA e ROMA AETERNA
- EXERCITIA LATINA I e II que recolle mais de 400 exercicios adicionais.

10. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Na materia de Latín de 2º de Bacharelato é imprescindible ter asimilados os **contidos básicos** vistos o curso anterior en **1º de BACHARELATO. (Morfoloxía nominal, morfoloxía pronominal, morfoloxía verbal, e sintaxe básica)**

Na **1ª avaliación** traballaranse e repasaránse na aula e avaliaranse por medio dunha ou mais probas obxectivas en caso de ser necesario, segundo o indicado na páx. 94. O **grao mínimo** de consecución destes contidos básicos no curso anterior é dun **100%**. Polo tanto é imprescindible acadar ese grao neses contidos tamén neste curso.

CRITERIOS, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. LATÍN 2º BAC

Contidos didácticos

Avaliaranse utilizando os seguintes procedementos:

- 1- Realización de 2 **probas escritas** ao longo do trimestre, por avaliación. Estas probas terán no seu deseño e criterios de avaliación e puntuación a mesma estrutura que a fixada na CIUG para a proba de Latín da ABAU. Vid, Anexo.
- 2- Avaliación do **traballo na aula e persoal** (domicilio) do alumno (caderno, tarefas, traballos).

Instrumentos de avaliación		Ponderación de cualificación
1. Realización de probas obxectivas	O modelo de exame sempre se axustará ao modelo da ABAU en todas as probas, ordinarias e extraordinarias do curso. Asemade, se axustará en estrutura e avaliación á puntuación e criterios establecidos pola CIUG. Vid. Anexo A copia dun exame suporá unha cualificación de 0 puntos no mesmo.	90%
2. Realización de tarefas ou actividades na aula e na casa	Expostas como apuntes, exercicios, análises, respostas a preguntas e recollidas no caderno de clase, ou entrega de 1 traballo por trimestre sobre contidos relacionados con Literatura Latina	10 %

A) Nas **probas obxectivas** observaranse os seguintes aspectos:

- En cada pregunta figurará a puntuación máxima asignada á mesma.
- Valorarase
- Os aspectos valorados pola CIUG para a avaliación e puntuación da proba de Latín da ABAU na parte de tradución (vid. Anexo).
- A **correcta utilización de conceptos, definicións** e propiedades relacionados coa natureza da situación que se trata de resolver.
- **Xustificacións teóricas** que se acheguen para o desenvolvemento das respostas. A non xustificación, ausencia de explicacións ou explicacións incorrectas serán penalizadas ata un 50 % da cualificación máxima atribuída á pregunta ou epígrafe.
- **Claridade e coherencia** na exposición..
- **Precisión na tradución e nos significados** das palabras.
- Deberán figurar as **análises morfolóxicas e sintácticas** cando se pidan, de modo que poida reconstruírse a argumentación lóxica e a tradución do alumno.

A) Criterios de Corrección e Valoración da proba obxectiva:

En todas as probas, e asemade, nos exames de avaliación, e no exame de avaliación final ordinaria e extraordinaria aplicaranse os criterios de cualificación dados pola ABAU. Vid. anexo.

✚ Exames de contidos teóricos:

10% expresión y ortografía; 90% contidos

No apartado de contidos ten que acadarse a nota mínima dun 35% para que sumen as porcentaxes de presentación e ortografía e redacción.

- ✚ Exames ou partes de exame de contidos prácticos (tradución do latín á lingua de uso do alumno): **Descontarase por cada erro de carácter gramatical, sintáctico ou léxico un 0,5 se son contidos básicos e un 0,25 se son pequenos erros.** Non se descontará por erros repetidos ou similares, tanto no mesmo exercicio como no resto dos exercicios do exame. Non se descontará se o erro aparece subsanado noutros exercicios do exame.

B) Os criterios de corrección do **traballo e actividades na aula e/ou na casa do alumno** serán os seguintes: **Máximo: 1 punto**

- Os traballos e actividades estarán realizados de forma **completa** e **non** poderán estar **copiados**.
- A **presentación dos traballos** e actividades deberá axustarse ás condicións prescritas na aula.
- A **calidade** dos traballos e actividades presentados, as **respostas elaboradas**, a boa redacción, o traballo de **reflexión**, a recopilación de datos, a calidade da exposición.
- **Por cada día de retraso na entrega do traballo, penalizarase a nota do mesmo en 0,10 puntos.**

Valoración:

20% expresión e ortografía; 80% contidos. As faltas ortográficas e gramaticais penalizaráanse do conxunto da nota do exame ata un máximo de 2 puntos.

Descontarase 0.1 punto por cada falta de ortografía non repetida e por cada erro no léxico, e 0.1 por cada dous erros non repetidos no uso do acento gráfico (acentos que faltan ou que sobran).

Os erros marcaranse no exame (rodeados con círculos); o número de faltas/erros e acentos, e os descontos practicados estarán marcados claramente no apartado “observacións”.

- **Por cada día de retraso na entrega do traballo, penalizarase a nota do mesmo en 0,10 puntos.**

No apartado de contidos ten que acadarse a nota mínima dun 35% para que sumen as porcentaxes de presentación e ortografía e redacción.

- ✚ Exames ou partes de exame de contidos prácticos: **Descontarase por cada erro de carácter gramatical, sintáctico ou léxico un 0,5 se son contidos básicos e un 0,25 se son pequenos erros**

A nota de avaliación obterase do seguinte modo:

NOTA DA AVALIACIÓN:

A nota de avaliación obterase do seguinte modo:

Traballo na aula e/ou na casa: 10% (resultado da media obtida tras tras a suma das diferentes cualificacións nos traballos de aula/e/ou na casa)

Probas escritas: 90% (resultado da media tras avaliar cada proba obxectiva escrita)

A nota media total será a obtida tras sumarse a nota media obtida dos traballos (máximo 1 punto) á nota media obtida nas probas escritas de avaliación (2 por avaliación), dando como resultado a nota final de avaliación.

Para obter a nota final por avaliación da materia aplicarase REDONDEO Á ALZA DE 0´5 CANDO O ALUMNO ACADE UNA NOTA IGUAL OU SUPERIOR AO ´05. A cualificación necesaria para aprobar a materia será de 5 puntos.

Criterios de promoción e mecanismos de recuperación

A cualificación final da materia virá dada polo progreso de aprendizaxe do alumno. Dado que os contidos son inclusivos, o alumno terá que ter **aprobada a 3ª avaliación** para aprobar a materia. De non aprobar a 3ª avaliación, o alumno deberá acudir á proba final ordinaria de maio de Latín II. No ámbito de contidos teóricos (literatura, toponimia e latinismos) só deberá examinarse no exame final ordinario de maio da parte suspensa en outras avaliacións. Sempre será obxecto de avaliación plena a parte de tradución e latinismos.

A nota final será o resultado da media das 3 avaliacións, sendo *conditio sine qua non* para a realización da media, ter aprobada a 3ª avaliación. Dado que a materia é de avaliación

continua e de contidos inclusivos, a 3ª avaliación fará unha media ponderada do dobre que as dúas primeiras avaliacións.

Recuperación: Farase de cada proba obxectiva a súa correspondente recuperación, que pode realizarse nun único exame antes da avaliación, dividido en dúas partes, cada unha correspondente a cada proba.

Do mesmo xeito, ao inicio de cada avaliación nova, o alumnado que non superase a anterior avaliación poderá realizar un exame de recuperación que seguirá as características e modelo de exame de ABAU

En todas as probas, e asemade, no exame da avaliación final ordinaria, e no exame da avaliación final extraordinaria aplicaranse os criterios de cualificación dados pola ABAU. No curso pasado estes foron os seguintes: 6 puntos a tradución, 1,5 punto literatura, 1 punto análise sintáctico e morfolóxico e 1,5 toponimia, latinismos, prefixos...

A cualificación necesaria para aprobar a materia será de **5 puntos**. No caso de non acadar esta puntuación, o alumnado poderá presentarse a unha proba de avaliación final ordinaria en maio, consistente nunha proba escrita **QUE SEGUIRÁ O MODELO DE EXAME DE ABAU**. (Vid. Anexo). Aqueles que superasen todas as avaliacións, poderán tamén presentarse á proba final ordinaria para subir nota. En ningún caso se lles baixará a nota en caso de que obteñan unha nota inferior á media que tivesen.

En xuño, para os que no superen a materia en maio, na avaliación final ordinario, proporase un **exame escrito QUE SEGUIRÁ O MODELO DO EXAME DE ABAU**.

Para obter a nota final por avaliación da materia aplicarase **REDONDEO Á ALZA DE 0'5 CANDO O ALUMNO ACADE UNA NOTA IGUAL OU SUPERIOR AO '05**. A cualificación necesaria para aprobar a materia será de **5 puntos**.

RÚBRICAS DE CONCRECIÓN DA CORRECCIÓN DE CONTIDOS

As rúbricas de avaliación empregaranse para obter a nota de calificación. En cada rúbrica indícase o grao mínimo de consecución esixido para aprobar os contidos que se avalían.

Rúbrica para avaliar unha tradución:

Calificación	Descrición
5	Demostra total comprensión do texto. Todos os requirimentos da tarefa están incluídos na resposta.
4	Demostra considerable comprensión do texto. Os requirimentos da tarefa están incluídos na resposta.
3 Grao mínimo	Demostra comprensión parcial do texto. A maior parte dos requirimentos da tarefa están comprendidos na resposta.

2	Demostra pouca comprensión do texto. Moitos dos requirimentos da tarefa faltan na resposta.
1	Non comprende o texto.
0	Non responde. Non tentou facer a tarefa.

Rúbrica para avaliar os coñecementos lingüísticos e culturais:

Calificación	Descrición
5	Demostra total coñecemento dos contidos. Todos os requirimentos da tarefa están incluídos na resposta.
4	Demostra considerable coñecemento dos contidos. Os requirimentos da tarefa están incluídos na resposta.
3 Grao mínimo	Demostra coñecemento parcial dos contidos. A maior parte dos requirimentos da tarefa están comprendidos na resposta.
2	Demostra pouco coñecemento dos contidos. Moitos dos requirimentos da tarefa faltan na resposta.
1	Non coñece os contidos .
0	Non responde. Non tentou facer a tarefa.

Rúbrica de valoración dun traballo ou exposición escrita e/ou oral:

Categoría	Bo (Nota Máx)	Grao mínimo (6)	Suspenso
Ideas e contido	O escrito é claro, enfocado e interesante. Mantén a atención do lector. A historia enriquecese con anécdotas e detalles relevantes.	O escrito é claro e enfocado, pero o resultado pode non captar a atención. Hai un intento por sustentalo, pero é limitado, moi xeral ou fóra do alcance.	O escrito carece de pulso ou de propósito central. O lector vese forzado a facer inferencias baseándose en detalles moi incompletos
Organización	A organización resalta a idea central. A orde, a estrutura ou a presentación é a adecuada aos contidos e obxectivos	Erros na organización e estrutura dos contidos.	A organización está desarticulada. A escritura carece de ideas ou detalles. As ideas encadéanse unhas con outras atropelladamente
Elección de palabras	As palabras transmiten a mensaxe proposta en forma interesante, natural e precisa. A escritura é completa, rica e concisa.	A linguaxe é corrente, pero transmite a mensaxe. É funcional, aínda que carece de efectividade. O escritor decide por facilidade de manexo, producir unha especie de «documento xenérico», colmado de	O escritor utiliza un vocabulario que busca a cegas as palabras que transmiten significado. A linguaxe é tan baleiro, abstracto ou tan reducido que é carente de detalles

		frases e palabras familiares	
Fluidez nas oracións	A escritura flúe facilmente e ten bo ritmo cando se le en voz alta. As oracións están ben construídas, son coherentes e a estrutura é variada e fai que ao lelas sexan expresivas.	As oracións son máis mecánicas que fluídas. O texto carece de ritmo ou graza. Ocasionalmente as construcións son inadecuadas e fan lenta a lectura.	O escrito é difícil de entender ou ler en voz alta. As oracións tenden a ser cortadas, incompletas, inconexas, irregulares e bastas
Presentación	Boa comprensión dos estándares e convencións da escritura (utilización de maiúsculas, puntuación, ortografía ou construción de parágrafos). Os erros son moi poucos e de menor importancia.	Hai erros nas convencións para escribir, que aínda que non son demasiados, prexudican a facilidade de lectura. Aínda cando os erros non bloquean o significado, tenden a distraer	Hai numerosos e repetidos erros na utilización adecuada da linguaxe, na estrutura das oracións, na ortografía ou na puntuación, que fan que o texto sexa difícil de ler. A gravidade e frecuencia dos erros tende a ser tan notoria que o lector atopa moita dificultade para concentrarse na mensaxe e debe relelo para podelo entender.

11. ORGANIZACIÓNS DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE LATÍN II COMA MATERIA PENDENTE

Existen dous mecanismos polos que se pode recuperar Latín II como materia pendente ao longo do curso:

Pto 1. Presentándose á proba que, formalmente e oficialmente, se convoque - posiblemente no mes de abril- para a superación de Latín II como pendente. A estes efectos, a inicios de curso, o profesorado entregará ao alumnado unha lista cos contidos que formarán parte da proba. A proba de Latín II se realizará seguindo as mesmas pautas de estrutura e criterios de avaliación que os exames de latín da ABAU. Vid. anexo

Pto 2. De resultar valorado de forma negativa, o alumno ou alumna aínda terá a opción da avaliación final ordinaria de maio e a avaliación extraordinaria do mes de xuño.

D) Nas **probos obxectivos de avaliación do alumnado con Latín II coma materia pendente** observaranse os seguintes aspectos:

- En cada pregunta figurará a **puntuación máxima** asignada á mesma.
- A **correcta utilización de conceptos, definicións** e propiedades relacionados coa natureza da situación que se trata de resolver.
- **Xustificacións teóricas** que se acheguen para o desenvolvemento das respostas. A non xustificación, ausencia de explicacións ou explicacións incorrectas serán penalizadas ata un 50 % da cualificación máxima atribuída á pregunta ou epígrafe.
- **Claridade e coherencia** na exposición..

- **Precisión na tradución e nos significados** das palabras.
- Deberán figurar as **análises morfolóxicas e sintácticas** cando se pidan, de modo que poida reconstruírse a argumentación lóxica e a tradución do alumno.

Valoración:

- ✚ **Exames de contidos teóricos:**
20% expresión y ortografía; 80% contidos

No apartado de contidos ten que acadarse a nota mínima dun 35% para que sumen as porcentaxes de presentación e ortografía e redacción.

- ✚ Exames ou partes de exame de contidos prácticos lingüísticos e gramaticais: **Descontarase por cada erro de carácter gramatical, sintáctico ou léxico un 0,5 se son contidos básicos (TERMINACIÓNS DECLINACIÓNS, TERMINACIÓNS VERBAIS, PRONOMES, SINTAXE BÁSICA) Descontarase por erros de carácter menor un 0,25 ata o máximo do que valga o exercicio.** Non se descontará por erros repetidos ou similares, tanto no mesmo exercicio como no resto dos exercicios do exame. Non se descontará se o erro aparece subsanado noutros exercicios do exame. Para os aspectos non incluídos neste apartado se aplicará, ademáis, a rúbrica de avaliación de tradución abaixo indicada.

A copia dun exame suporá unha cualificación de 0 puntos no mesmo.

LATÍN II. 2º DE BACHARELATO

- **Grao mínimo de consecución**

Para acadar una avaliación positiva o alumnado deberá ser capaz ao finalizar o curso de traducir de forma coherente un texto breve ou frases extraídas das obras de Eutropio ou Fedro e de realizar a súa análise morfosintáctica. Deberá tamén coñecer os cinco temas de literatura co seu autor representativo que figuran na guía e na temporalización, realizar as lecturas que figuran en cada trimestre e coñecer os topónimos e latinismos que figuran na guía.

Debido ao carácter progresivo da materia, a avaliación será continua. Teranse en conta, fundamentalmente, os progresos na análise, tradución e comprensión de frases e textos breves de dificultade crecente.

Os criterios de avaliación serán os seguintes:

- **Ser capaz de comprender e traducir de forma coherente textos latinos pertencentes a diversos xéneros literarios.** Con este criterio preténdese comprobar o progreso na práctica da tradución, así como a capacidade de lectura comprensiva adquirida polo alumnado. Na tradución procurarase combinar a fidelidade coa corrección no estilo, facendo un adecuado uso do dicionario.
- **Recoñecer en textos latinos orixinais os elementos básicos da morfoloxía regular e da sintaxe da oración, en función da comprensión do texto latino, apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas, especialmente co galego e co español.** Este criterio trata de comprobar o coñecemento e o manexo da lingua latina por parte do alumnado, completando o nivel adquirido no curso anterior mediante o estudo

das irregularidades morfolóxicas de maior frecuencia e dos procedementos máis habituais de subordinación propios da lingua latina. O alumnado debe manifestar o seu avance neste nivel facendo análises morfosintácticas de textos orixinais de dificultade progresiva e recoñecendo as variantes e coincidencias respecto doutras linguas por el coñecidas.

- **Comparar o léxico latino co doutras linguas de uso do alumnado, identificando os seus compoñentes e deducindo o seu significado etimolóxico.** Este criterio trata de avaliar se o alumnado domina os procedementos de derivación e composición na formación do léxico latino e se é consciente de que eses derivados pasaron como tales á lingua que utiliza. Así mesmo, tratase de comprobar se reflexionou sobre os procedementos de derivación e composición, no que xogan un papel preponderante os afixos de orixe grecolatina.
- **Coñecer os rasgos básicos da literatura latina, dos seus principais xéneros literarios e autores máis representativos, e recoñecer o papel da literatura latina e dos seus principais autores nas literaturas occidentais.** Con este criterio preténdese comprobar a identificación dos elementos esenciais referentes á literatura latina, e se recoñecen os diversos xéneros e autores polos seus trazos diferenciadores.

- **ANEXO. MODELO DE EXAME CIUG DE USO OBRIGATORIO
PARA AS PROBAS OBXECTIVAS DE LATÍN II.**

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 2.** / *El examen consta de 4 preguntas de 5 puntos, de las que podrá responder un máximo de 2.*

PREGUNTA 1. Textos e gramática. Lea o texto e conteste as cuestións a el vinculadas / Lea el texto y conteste las cuestiones a él vinculadas:

O emperador Nerón / *El emperador Nerón*

Successit huic Nero, Caligulae avunculo suo simillimus, qui Romanum imperium et deformavit et diminuit. Infinitam senatus partem interfecit; bonis omnibus hostis fuit. Parricidia multa commisit. Urbem Romam incendit, ut spectaculi eius imaginem cerneret.

1.1. Traduza o texto / *Traduzca el texto (4 puntos).*

1.2. Analice morfolóxica ou sintacticamente (escoja unha das dúas posibilidades) o fragmento subliñado no texto /

Analice morfológica o sintácticamente (escoja una de las dos posibilidades) el fragmento subrayado en el texto. (1 punto).

PREGUNTA 2. Textos e gramática. Lea o texto e conteste as cuestións a el vinculadas / Lea el texto y conteste las cuestiones a él vinculadas:

Actividade militar de Escipión en África / *Actividad militar de Escipión en África*

Anno quarto decimo posteaquam in Italiam Hannibal venerat, Scipio, qui multa bene in Hispania egerat, consul est factus et in Africam missus. Is in Africa contra Hannonem, ducem Afrorum, pugnat; exercitum eius interficit. Secundo proelio castra capit cum multis militibus.

2.1. Traduza o texto / *Traduzca el texto (4 puntos).*

2.2. Analice morfolóxica ou sintacticamente (escoja unha das dúas posibilidades) o fragmento subliñado no texto / *Analice morfológica o sintácticamente (escoja una de las dos posibilidades) el fragmento subrayado en el texto (1 punto).*

PREGUNTA 3. Textos e gramática. Lea o texto e conteste as cuestións a el vinculadas / Lea el texto y conteste las cuestiones a él vinculadas:

A serpe malvada / *La serpiente malvada*

Qui fert malis auxilium post tempus dolet.

Gelu rigentem quidam colubram sustulit

sinuque fovit contra se ipse misericors;

namque ut refecta est, necavit hominem protinus.

3.1. Traduza o texto / *Traduzca el texto (4 puntos).*

3.2. Analice morfolóxica ou sintacticamente (escoja unha das dúas posibilidades) o fragmento subliñado no texto / *Analice morfológica o sintácticamente (escoja una de las dos posibilidades) el fragmento subrayado en el texto (1 punto).*

PREGUNTA 4. Literatura e léxico / *Literatura y léxico*:

4.1. Desenvolva un dos tres temas / *Desarrolle uno de los tres temas*:

4.1.1. Os tratados sobre retórica de Cicerón / *Los tratados sobre retórica de Cicerón* (2,5 puntos).

4.1.2. A poesía lírica de Horacio / *La poesía lírica de Horacio* (2,5 puntos).

4.1.3. Principais personaxes da comedia plautina / *Principales personajes de la comedia plautina* (2,5 puntos).

4.2. Responda unha das tres cuestións / *Responda una de las tres cuestiones*:

4.2.1. Sinale o prefixo de orixe latina e explique que significado achega nas seguintes palabras / *Señale el prefijo de origen latino y explique qué significado aporta en las siguientes palabras*: “antebrazo”, “disparidade/*disparidad*”, “extraoficial”, “transversal”, “ultratumba” (2,5 puntos: 0,5 cada palabra).

4.2.2. Explique o significado das seguintes expresións latinas / *Explique el significado de las siguientes expresiones latinas*: “ad hoc”, “alma mater”, “ex aequo”, “grosso modo”, “in extremis” (2,5 puntos: 0,5 cada expresión).

4.2.3. Explique o significado dos seguintes topónimos de orixe latina / *Explique el significado de los siguientes topónimos de origen latino*: “Celanova”, “Fisterra”, “Lugo”, “Ourense”, “Vigo” (2,5 puntos: 0,5 cada topónimo).

12. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADO

Coa finalidade de constatar os progresos que fai o alumnado realizarase con cada unidade didáctica un proceso de avaliación (escrito e / ou oral), que permitirá determinar o nivel de coñecementos previos do alumno, as dificultades e deficiencias que hai que subsanar e para comprobar, ao final do proceso, o nivel de éxito acadado no grao de consecución das competencias básicas e a asimilación dos estántadares de aprendizaxe.

Do mesmo xeito, procederase á realizar unha avaliación inicial xeral, para obter información sobre a situación de cada alumno e alumna, e para detectar a presenza de erros conceptuais que actúen como obstáculos para a aprendizaxe posterior. Isto levará unha atención ás súas diferenzas e unha metodoloxía adecuada para cada caso. Esta avaliación inicial xeral constará, fundamentalmente, da realización de diferentes instrumentos de avaliación, fundamentalmente, na realización de de probas obxectivas, a observación continuada na aula, a revisión dos cadernos dos alumnos permitirán ir avaliando, de maneira continuada nos grupos menos numerosos todos os problemas e progresos do proceso educativo.

Asemade, o deseño da avaliación inicial está dirixido a detectar o alumnado que precisa da aplicación de medidas diversificadas, tanto a nivel individual como a nivel colectivo. Unha vez detectadas as necesidades educativas específicas, estableceranse as medidas apropiadas, entre as que se destacan:

- Atención individual
- Subministración de material de apoio na aula
- Ampliación de tempo na realización de probas
- Apoios en pequeno grupo
- Titorías durante os recreos
- Realización de tarefas en grupo
- Traballo selectivo con material de nivel inferior.

Estas medidas serán aplicadas no marco da metodoloxía descrita dentro desta programación.

Nun plano concreto, en Bacharelato as materias de Latín é de contidos progresivos. Dada esta característica, na avaliación inicial da materia de Latín de 2º de Bacharelato comprobarase que o alumnado ten correctamente asimilados os **contidos básicos** vistos o curso anterior en **1º de BACHARELATO**. De non ser así, activaránse medidas para implementar a adquisición de ditos contidos, que serán avaliados no primeiro mes da 1ª avaliación por medio de cadernos específicos de exercicios, e de ser necesario en caso de que haxa unha alta porcentaxe de alumnos con déficit neste aspecto, na realización de unha ou mais **probas obxectivas**. O **grao mínimo** de consecución destes contidos básicos no curso anterior é dun **100%**, polo tanto é imprescindible acadar ese grao neses contidos tamén neste curso.

Os alumnos que non acaden este grao mínimo terán que **recuperar** estes contidos mediante probas obxectivas ata a súa asimilación plena e queda aparte da propia avaliación ordinaria do alumnado.

.- MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

O alumnado das materias impartidas por este Departamento, materias optativas, posúe, como é lóxico e norma xeral, diferentes niveis, debido non só ás súas capacidades senón tamén ó ambiente sociocultural do seu entorno.

Partindo do principio de que a heteroxeneidade debe ser unha riqueza e non un impedimento, buscarase por parte do Departamento implementar diversas medidas de atención á diversidade con carácter integrador. Buscarase, partindo da programación didáctica, elaborar actividades variadas, fundamentalmente orais e escritas, para que o alumnado máis avanzado non perda a súa motivación e para que os de nivel menos desenvolto se sintan capaces de realizar as tarefas programadas e acadar os obxectivos xerais da materia. Cómpre adaptar as metodoloxías para atender as necesidades de todo o alumnado. Do mesmo xeito, as interaccións na aula deben estar enfocadas para crear, facilitar os intercambios entre os diferentes niveis, que non poden ser impermeables. O equipo docente favorecerá a cooperación e a solidariedade entre os alumnos e alumnas. O alumnado debe aprender a non facer xuízos negativos sobre a capacidade de comprensión e expresión dos seus compañeiros ou compañeiras. Será este, en particular, un aspecto no que o profesor do Departamento de Latín fará especial fincapé e seguimento.

Ao final de cada lección, o equipo docente, consciente das dificultades de certos alumnos e alumnas facilitaralles actividades de reforzo ben seleccionadas, mentres que os de niveis máis avanzados fan exercicios que conlevan unha dificultade engadida.

Proporáanse medidas de reforzo mediante exercicios, lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para aqueles alumnos que teñan dificultades cos contidos da materia ou non poidan seguir o ritmo da clase.

13. ORGANIZACIÓN DE PROCEDIMENTOS, DE SER O CASO, PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS PREVIOS (BACH)

No caso da materia de Latín, impartida por este Departamento, a acreditación realízase cursando e aprobando a materia correspondente de 1º de BAC ou, mediante o desenvolvemento e superación dunha proba específica deseñada polo departamento, que versarán sobre aqueles contidos mínimos incluídos na materia de primeiro e dos que parte a citada materia de segundo, e que terá as mesmas características que a proba de avaliación final ordinaria e extraordinaria de Latín I.

14. DESEÑO DE AVALIACIÓN INICIAL (CONSIDERANDO AS CONCLUSIÓNS PRINCIPAIS DOS INFORMES INDIVIDUALIZADOS ELABORADOS Á FINALIZACION DO CURSO 2019/2020) E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.

Os deseños da avaliación inicial para as diferentes materias téñense realizado nas correspondentes programacións didácticas de curso. Segundo a lexislación vixente, os informes individualizados só foron necesarios para o alumnado que no curso anterior estaba en 3º ESO e 1º Bacharelato, no caso que atinxe a este departamento. Tivéronse en conta os devanditos informes en entrevista coas titoras correspondentes, respectando a LOPD, para a elaboración dos deseños de avaliación inicial de todas as materias impartidas no curso 2020-21 polo Departamento de Latín.

15. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Procederáse a implementar a seguinte rúbrica para a avaliación do proceso de ensino e a práctica docente dentro do Departamento. Con carácter xeral, serán os alumnos, voluntaria e anonimamente, a finalización, ben de cada trimestre, ben ao final do curso académico, quenes cubran e entreguen a seguinte rúbrica de avaliación da dinámica de ensino do docente do Departamento de Latín.

ACTIVIDADE INDICADORES DE LOGRO

Planificación	De 0 a 10	De 0 a 10
Planifica a práctica docente tendo en conta os estándares de aprendizaxe.		
Realiza a temporización tendo en conta as horas asignadas á materia e a duración dunha sesión de traballo.		

<p>Selecciona e secuencía os contidos de maneira progresiva e tendo en conta os aspectos particulares de cada grupo.</p>		
<p>Planifica as clases de maneira aberta e flexible.</p> <p>Selecciona e elabora os materiais e recursos didácticos</p>		
<p>Coordínase co profesorado do propio departamento e doutros departamentos.</p> <p>Motivación do alumnado</p> <p>Establece canles de comunicación para que o diálogo sexa fluído</p>		
<p>Proporciona ao alumnado o apoio necesario durante o proceso de ensino-aprendizaxe.</p>		
<p>Desenvolve actividades de diversos tipos e características introducindo elementos novedosos.</p> <p>Promove a participación activa do alumnado.</p>		
<p>Relaciona os contidos, os proxectos e as actividades cos intereses do alumnado.</p> <p>Resume e repasa ao comezo de cada sesión os contidos xa traballados en sesións anteriores.</p> <p>Utiliza exemplos na introdución de novos contidos.</p> <p>Establece tempos fóra das sesións de traballo para atender ao alumnado.</p> <p>Utiliza diferentes soportes durante as sesións de traballo.</p> <p>Selecciona prácticas, proxectos e actividades en xeral que permitan alcanzar os estándares de aprendizaxe e a adquisición das competencias clave. Avaliación do proceso de ensino- aprendizaxe</p> <p>Realiza a avaliación inicial a fin de tomar as medidas individuais ou colectivas necesarias.</p>		

Aprendizaxe	De 0 a 10	De 0 a 10
Analiza os procesos e os resultados das prácticas, proxectos, exercicios probas e actividades en xeral.		
Establece medidas que permitan introducir melloras.		
Proporciona indicacións durante a realización do traballo		
Supervisa de forma continua a resolución de exercicios e realización de tarefas que se desenvolven nas sesións de traballo.		
Favorece os procesos de autoavaliación.		
Propón actividades complementarias para mellorar durante o proceso de ensino-aprendizaxe.		
Establece con claridade os criterios de avaliación e de puntuación.		

16. ELEMENTOS TRANSVERSAIS E INTERDISCIPLINARIEDADE. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

O estudo do mundo clásico, a lectura e reflexión sobre textos traducidos, así como a análise de imaxes, mapas etc introducen ao alumnado no pensamento grego e latino, os seus valores éticos e políticos, permiten a inclusión no proceso de ensino-aprendizaxe no tratamento dos temas suliñados anteriormente, precisamente porque dentro dos valores dos *studia humanitatis*, as materias impartidas por este Departamento revélanse coma un vehículo moi flexible que permite abordar, para a reflexión e a concienciación, múltiples aspectos da actualidade e realizar unha constante viaxe dende a Antigüidade a Actualidade e viceversa.

Aínda que con carácter xeral o Departamento de Latín traballará nos cursos de 4º ESO, 1º e 2º de Bacharelato, nos valores éticos e morais reflectidos no artigo 4 do Decreto 86/2015 do 25 de xuño, cómpre especificar que, con respecto ao especificado no artigo 4.1., farase especial fincapé no espírito cooperativo e solidario, antes ca no de emprendemento, firmemente enraizado no carácter competitivo e individualista nesta sociedade.

O Departamento de Latín considera que a escola debe ensinar a vivir en sociedade, a convivir, a crear os marcos de respecto por un mesmo e polos demais. Por elo mesmo, aproveitaranse os diversos

materiais e contidos da materia de Latín en todos os cursos de impartición deste departamento, para facer conscientes aos nosos alumnos, de xeito obxectivo e respectuoso, facer ver a necesidade de solidariedade cos colectivos máis vulnerables socialmente e na consciencia de crear marcos de convivencia xerais, que deben xirar ao redor do respecto polas diferenzas sen estigmas. A igualdade e a erradicación dos comportamentos machistas, a solidariedade coas persoas asiladas, refuxiadas e migrantes, a urxente inclusión das persoas con diversidade funcional, a prevención da violencia, a conciencia ecolóxica, o pacifismo, así como o recoñecemento do diálogo como camiño para avanzar na resolución pacífica dos conflitos son algúns dos valores éticos e morais que impregnarán con normalidade e naturalidade toda a praxe docente. En todos os cursos traballarán estes contidos transversais e de interdisciplinariedade a través da reflexión a partir de textos en tradución e textos en versión orixinal latina.

17. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O Departamento de Latín non ten prevista a realización de actividades complementarias e extraescolares para o curso 2020-2021, dada a actual situación provocada pola pandemia do virus covid-19.

18. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

A programación íntegra poderá consultarse a través das copias que se depositan no centro. A programación será revisada durante todo o curso. En cada reunión do departamento realizaranse propostas de mellora co fin de levar a cabo as modificacións oportunas. A revisión, a avaliación e a modificación da programación serán recollidas na memoria de fin de curso do departamento.

O control levarase a cabo mediante o rexistro no diario de aula de todas as incidencias que se vaian producindo. Este control realizarase ao longo de todo o curso.

- Na memoria final indícarase o grao de mellora nas competencias básica ou as posibles causas de non alcanzarse os niveis esixidos.
- O diario de aula será un bo indicador para avaliar o proceso de ensino. Permitirá levar o control día a día dos seguintes parámetros:
 - Valoración da temporalización deseñada
 - Valoración da adecuación dos estándares de aprendizaxe: valoración das dificultades e problemas que xurdan en cada momento relacionados co grao de asimilación do alumno
 - Valoración da adecuación da metodoloxía empregada
 - Valoración da adecuación dos materiais didácticos
 - Valoración da pertinencia das actividades extraescolares
- Finalmente realizarase unha avaliación por parte do profesor sobre o desenvolvemento da materia, grao de dificultade, problemas acadados, adecuación do material, etc, que se incorporará á memoria final do Departamento.

Empregarase un cuestionario deste tipo:

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
5. Poténcianse estratexias de animación á lectura e o cine				
6. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
7. Incorporáranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
8. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
9. Análizanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección				
10. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
11. Os materiais son axeitados as capacidades do alumnado e aos contidos da materia				
12. Os exames son axeitados as capacidades do alumnado e aos contidos da materia				
13. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

19. PLAN LECTOR

Para o proceso de ensino-aprendizaxe vencellado a este departamento e ás materias que imparte, o alumnado dispón indistintamente dos fondos bibliográficos do departamento e da biblioteca do centro. Estes materiais están constituídos esencialmente por textos literarios e non literarios, textos de divulgación, e asemade, dicionarios de latín, de mitoloxía e de cultura clásica adaptados ao nivel do alumnado.

O departamento procederá no primeiro trimestre á revisión dos fondos existentes para avaliar as nosas necesidades e facer unha proposta de adquisición para a biblioteca do centro e o departamento.

A selección dos títulos farase segundo os niveis, os intereses dos alumnos e os contidos transversais. O empréstimo dos fondos xestionarase directamente dende o departamento. O alumnado, como é habitual no centro, visitará a biblioteca para coñecer os materiais dispoñibles e serán informados dos fondos existentes no departamento. Dita actividade farase nos recreos, para evitar a perda de clases.

En todas as clases e niveis procederáse á lectura comprensiva de fragmentos de textos clásicos en tradución, e textos variados de literatura grecolatina, así como artigos e/ou estudos en soporte impreso ou dixital nos niveis máis altos. O manexo de documentos escritos (libro de texto, xornais impresos ou dixitais, revistas, páxinas web, dicionarios, etc.) é obrigado e constante para a aprendizaxe tanto da cultura clásica coma na didáctica da lingua latina, e por ende, fundamental para a formación do alumnado. En todos os niveis, a lectura dos documentos implica a realización de actividades para extraer a información necesaria para a elaboración doutro traballo e/ou comprobar o grao de comprensión do texto.

Asemade, o departamento participará nas diversas actividades interdisciplinares programadas dentro do proxecto lector da biblioteca. Ao longo do curso adaptará a súa programación inicial seguindo as propostas que se lle acheguen tanto da biblioteca coma doutros estamentos de centro.

OBXECTIVOS XERAIS

- Facilitar a adquisición das competencias clave, especialmente:

1. Competencia en comunicación lingüística

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

2. Tratamento da información e competencia dixital

Consiste en dispor de habilidades para procurar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información

até a súa transmisión en distintos soportes, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como elemento esencial para se informar, aprender e comunicarse.

3. Competencia social e cidadá

Fai posible comprender a realidade social en que se vive, cooperar, convivir e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade plural, así como comprometerse a contribuír á súa mellora. Integra coñecementos diversos e habilidades complexas que permiten participar, tomar decisións, elixir como comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das escollas e decisións adoptadas.

4. Competencia cultural e artística

Supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de gozo e consideralas como parte do patrimonio dos pobos.

5. Competencia para aprender a aprender

Consiste en dispor de habilidades para se iniciar na aprendizaxe e ser quen de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónoma de acordo aos propios obxectivos e necesidades.

6. Autonomía e iniciativa persoal

Esta competencia refírese á adquisición da conciencia e aplicación dun conxunto de valores e actitudes persoais interrelacionadas, como a responsabilidade, a perseveranza, o coñecemento de si mesmo e a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, de calcular riscos e de afrontar os problemas, así como a capacidade de demorar a necesidade de satisfacción inmediata, de aprender dos erros e de asumir riscos.

- Educar no uso crítico da información
- Fomentar o hábito da lectura e de consumo de bo cine
- Facilitar a adquisición de boas técnicas de traballo intelectual

ACTUACIÓNS CONCRETAS DO DEPARTAMENTO DE LATÍN NO PLAN LECTOR

1- No espazo de entrada á biblioteca existe unha **estantería de intercambio** de libros, revistas e materiais audiovisuais para todo o alumno. O Departamento de Latín procurará que estean representados neste espazo materiais relacionados coa temática da Cultura Clásica.

A existencia vencellada á Biblioteca dun **taboleiro con información actualizada** de interese xeral será aproveitada polo Departamento de Latín para proceder á publicidade de diferentes informacións vencelladas co Latín e a Cultura Clásica: convocatorias de concursos, lecturas, traballos dos alumnos, etc

2- **En determinadas aulas**, os alumnos teñen **materiais bibliográficos** relacionados coas diferentes materias que se imparten para que poidan usalos nos momentos que teñen libres ou levar para a casa se o desexan. En particular, o Departamento de Latín procurará que exista material vencellado co Mundo Clásico entre os materiais á disposición dos alumnos.

3- Como xa se sinalou, ao longo do primeiro trimestre do curso, o Departamento de Latín procederá a revisión dos fondos documentais do departamento na biblioteca escolar para avaliar as necesidades. Proporase a **adquisición de novos fondos** relacionados coa materia de grego e de cultura clásica, para garantir a dispoñibilidade de lecturas adecuadas á idade e intereses de todos os alumnos.

4- O Departamento de Latín colaborará, na medida das súas posibilidades e da situación pandémica, nas actividades organizadas pola biblioteca.

ACTIVIDADES A DESENVOLVER AO LONGO DO CURSO 2020-21 NO PLAN LECTOR

- **Lectura diaria colectiva** de textos gregos e latinos traducidos relacionados ca parte da materia estudiada: Heródoto (fragmentos da súa obra relacionados coa invención da escritura), Apolodoro (mitoloxía) Xenofonte, Tucídides (historia de Grecia) Tito Livio (historia de Roma) , Pausanias (descrición de obras artísticas)... Os alumnos realizarán por escrito resumos e esquemas dos textos lidos para recapitular os coñecementos e comprobar a súa capacidade comprensiva dentro do marco de actividades xerais ao longo do curso.
- Informarase aos alumnos das **novidades editoriais** que poidan xurdir o longo do curso relacionadas co panorama cultural do mundo clásico, novela histórica centrada nesa época.
- Uso diario dos **dicionarios** de castelán e galego para a definición de helenismos e latinismos.
- Lectura e comentario en clase das noticias que poidan aparecer nos **xornais** relativas a Grecia e Roma.
- Lectura e comentario en clase dos artigos das **revistas** *Historia National Geographic, National Geographic* e *Muy Interesante* relacionados co mundo Clásico.
- Os alumnos realizarán ao longo do curso pequenos **traballos de investigación** para que adquiran destreza no manexo de distintas fontes de información (bibliográfica e na rede), aprendan a realizar unha labor de selección de material e realicen prácticas de redacción e presentación de contidos.
- Traballo con material audiovisual: **documentais e cine**. Cada un dos contidos da programación traballarase, na medida do posible, co aporte de medios audiovisuais.

O Xefe do Departamento de Latín

Xosé Antonio López Silva

Bertamiráns, 9 de setembro de 2021